



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 14 de maio de 2020**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día catorce de maio de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(329).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 7 de maio de 2020. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

.

**2(330).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA PRESTACIÓN DO SERVIZO LIMPEZA, ACONDICIONAMENTO, CONSERVACIÓN E MANTEMENTO INTEGRAL DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS DE BEADE, BEMBRIVE, CABRAL, CANDEÁN, LAVADORES, PEREIRÓ, TEIS E ZAMÁNS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 11979/255.**

Visto o informe xurídico do 07/05/2020 e informe de fiscalización do 11/05/2020, dáse conta do informe-proposta do 06/05/2020, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente e

.

Sanidade, pola concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### I.- Antecedentes de feito

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión do día 11/10/2017, acordou adxudicar á UTE Ingesser Atlántica, S.L. (70,00%) - Sogesel Desarrollo y Gestión, S.L. (30,00%) o procedemento aberto para a contratación dos “Servizos de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais de Beade, Bembrive, Cabral, Candeán, Lavadores, Pereiró, Teis e Zamáns” (expte. 10.850/255), por un prezo total de contrato de 856.467,60 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 148.643,14 euros, e un prazo de execución de tres anos. A execución do contrato comezou o 16/11/2017 e remata o 15/11/2020, con posibilidade dun ano de prórroga.

En data 23/10/2019 (doc. 190165119), D. Óscar de Campo Casado en calidade de xerente da UTE Mantenimiento Cementerios Vigo presentou escrito no Rexistro Electrónico do Concello de Vigo, no que solicita teña por manifestado a vontade da súa representada de non prorrogar o contrato para anualidade 2020-2021, por motivos de rendabilidade económica por incremento dos custes salariais derivados do novo convenio de aplicación do sector.

O xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo en data do 27 de novembro de 2019, emite informe sobre a necesidade e idoneidade de efectuar un novo contrato administrativo para a prestación do servizo de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais de Beade, Bembrive, Cabral, Candeán, Lavadores, Pereiró, Teis e Zamáns

A concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, ao abeiro do establecido no artigo 116.1., Disposición adicional segunda, apartado 4, da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), acordo de delegación de competencia da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019 (BOPPO 01/08/2019) en relación coas resolucións do alcalde de datas 18 e 26 de xuño de 2019, resolveu en data do 27/11/2019, “Iniciar o procedemento administrativo para a contratación dos servizos de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais de Beade, Bembrive, Cabral, Candeán, Lavadores, Pereiró, Teis e Zamáns do Concello de Vigo, e ordenar a redacción e incorporación ao expediente dos documentos que sinala o artigo 116 da LCSP e demais que legalmente procedan de conformidade coa citada norma” (expte. 11979/255).

Trala realización de diversos trámites de instrucción, en cumprimento da dilixencia da concellería delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable de data 24/04/2020, o xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo e o xefe da Área de Servizos Xerais coa conformidade da dita concelleira delegada de Área, redactaron prego de prescricións técnicas asinado dixitalmente en data 24/04/2020. Asimesmo, redáctase memoria xustificativa do contrato asinada dixitalmente por estes en data do 27/04/2020, e



## Concello de Vigo

coa conformidade do concellerio delegado da Área de Orzamento e Facenda de data 28/04/2020.

A técnica de administración xeral e a xefa do Servizo de Contratación redactaron prego definitivo de cláusulas administrativas particulares sendo asinado dixitalmente o 05/05/2020.

A Dirección Superior Contable e Intervención Xeral emitiron documentos contables de retención de crédito asinados dixitalmente en datas 06/05/2020

### II.- Fundamentos de dereito

#### a) Competencia municipal

O artigo 25.2.k) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local establece como competencias propias dos municipios os “cemiterios e actividades funerarias”.

O Concello de Vigo é titular de oito cemiterios municipais: Beade, Bembrive, Cabral, Candeán, Lavadores, Pereiró, Teis e Zamáns.

O exercicio desta competencia coa prestación do servizo público esencial de “cemiterios” require a realización das tarefas de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral destes cemiterios municipais.

A Área de Medio Ambiente e Vida Saudable ten atribuído, en virtude das resolucións da alcaldía de datas 18 e 26 de xuño de 2019 (BOPPO 01/08/2019), competencias en materia de servizos funerarios e cemiterios no ámbito da competencia municipal.

Tamén, os orzamentos municipais reflicten a partida orzamentaria 1640.227.99.00 “Mantemento Xardíns Cemiterios” para facer fronte a gastos dos ditos servizos.

O Concello de Vigo, Servizo de Cemiterios, non dispón de persoal coa capacidade e profesionalidade precisos nin de medios técnicos para realizar os servizos de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais de Beade, Bembrive, Cabral, Candeán, Lavadores, Pereiró, Teis e Zamáns do Concello de Vigo, polo que é preciso a contratación destes servizos ao rematar o prazo contractual da actual adxudicataria, UTE Mantenimiento Cementerios Vigo, o 15 de novembro de 2020.

#### b) Contratación dos servizos

De acordo co artigo 116 da LCSP a realización de contratos por parte das Administracións públicas requirirá da previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da Lei. Ao expediente incorporaranse o prego de cláusulas administrativas particulares, o de prescricións técnicas, certificado de existencia de crédito. Tamén, haberá de xustificarse axeitadamente as determinacións que sinala o apartado 4 do citado precepto.

A documentación anteriormente citada incorporouse ao presente expediente de contratación tal e como se sinala nos antecedentes de feito deste informe.

O prego de cláusulas administrativas particulares regula un contrato administrativo de servizos cuxo obxecto é prestar o servizo de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais de Beade, Bembrive, Cabral, Candeán, Lavadores, Pereiró, Teis e Zamáns, que prevé o artigo 17 e 25.1.a) da LCSP, suxeito a regulación harmonizada ao abeiro do artigo 22.1.b) da citada Lei e, por tanto, susceptible de recurso especial en materia de contratación.

O procedemento de adxudicación será o ABERTO e forma de tramitación a ORDINARIA conforme ó establecido no artigo 156 da LCSP.

O prazo de execución do contrato establécese en tres (3) anos, podendo prorrogarse por dous anos máis, ano a ano, o que permite o artigo 29.4. da LCSP.

O orzamento base de licitación do contrato, tendo en consideración a súa duración: tres anos, dende o 16 de novembro de 2020 ata o 15 de novembro de 2023, ascende ó importe de 967.424,66 euros, sendo a conta correspondente ó IVE de 167.900,15 euros, que se desglosa nas seguintes anualidades orzamentarias:

importe anualidade 2020: 39.004,50 €, sendo o importe correspondente ó IVE (21%) de 6.769,38 €,

importe anualidade 2021: 317.532,13 €, sendo o importe correspondente ó IVE (21%) de 55.108,88 €,

importe anualidade 2022: 323.138,35 €, sendo o importe correspondente ó IVE (21%) de 56.081,86 €.

importe anualidade 2023: 287.749,68 €, sendo o importe correspondente ó IVE (21%) de 49.940,03 €,

con cargo á aplicación orzamentaria: 1640.227.99.00 "Mantemento Xardíns Cemiterios" e a súa bolsa de vinculación. A utilización da bolsa de vinculación na presente anualidade 2020 non repercute no normal funcionamento do servizo.

A Dirección Superior Contable e a Intervención Xeral emitiron documentos contables de retención de crédito RC 28164/2020, RCFUT 28165/2020, polo dito importe asinados dixitalmente en data 05/05/2020.

O artigo 117 da LCSP establece que completado o expediente de contratación, ditarase resolución motiva polo órgano de contratación aprobando este e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación.

A aprobación do expediente de contratación e a adxudicación do contrato corresponderá á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación que é do Concello de Vigo (Disposición adicional segunda, apartado 4, da LCSP).

A aprobación do expediente de contratación irá precedido dos informes favorables da titular da Asesoría Xurídica e da Intervención municipal ao abeiro do disposto na Disposición adicional terceira, apartados 3 e 8, da LCSP.

Polo exposto, unha vez emitidos os preceptivos informes da titular da Asesoría Xurídica e da Intervención xeral, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte



## Concello de Vigo

### ACORDO

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación para a prestación do servizo de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais de Beade, Bembrive, Cabral, Candeán, Lavadores, Pereiró, Teis e Zamáns do Concello de Vigo, por un prazo de tres anos conforme ao prego de prescricións técnicas asinado dixitalmente o 24/04/2020, polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo e o xefe da Área de Servizos Xerais coa conformidade da concelleira delegada de Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, e o prego de cláusulas administrativas particulares asinado dixitalmente pola técnica de Administración xeral e a xefa do Servizo de Contratación o 05/05/2020.

**SEGUNDO.-** Autorizar o gasto de 967.424,66 euros, sendo a conta correspondente ó IVE de 167.900,15 euros, que se desglosa nos seguintes importes das anualidades:

importe anualidade 2020: 39.004,50 €, sendo o importe correspondente ó IVE (21%) de 6.769,38 €,

importe anualidade 2021: 317.532,13 €, sendo o importe correspondente ó IVE (21%) de 55.108,88 €,

importe anualidade 2022: 323.138,35 €, sendo o importe correspondente ó IVE (21%) de 56.081,86 €.

importe anualidade 2023: 287.749,68 €, sendo o importe correspondente ó IVE (21%) de 49.940,03 €,

con cargo á aplicación orzamentaria: 1640.227.99.00 “Mantemento Xardíns Cemiterios” e a súa bolsa de vinculación.

**TERCEIRO.-** Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento aberto e trámite ordinario conforme ao prevenido na LCSP.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(331).- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DE AUTÓNOMOS/AS E MICROPEMES DO CONCELLO DE VIGO, POR TRAMITACIÓN DE EMERXENCIA. EXPTE. 17269/77.**

Dáse conta do informe-proposta do 05/05/2020, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data 11 de marzo do 2020 a Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou o brote de SARS-CoV 2 como pandemia.

Por Resolución da Alcaldía de data 12 de marzo de 2020 acordouse a creación dun Comité de Seguimento de evolución do COVID-19, coa finalidade de analizar a situación e propoñer a implementación das medidas que se estimen necesarias.

A evolución da pandemia deu lugar a que o Consello da Xunta de Galicia, do 13 de marzo de 2020, declarase a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Entre as medidas adoptadas a nivel municipal, en relación coa contratación, o propio 13 de marzo de 2020 o órgano de contratación, a Xunta do Goberno local, acordou declarar a emerxencia dos contratos necesarios para adoptar medidas relacionadas coa crise xerada polo Coronavirus:

*“1º.- A adopción de calquera medida, directa ou indirecta, para facer fronte ó coronavirus COVID-2019, xustificará a necesidade de actuar de maneira inmediata ó amparo do previsto no artigo 120 da LCSP.*

*2º.- A todos os contratos que se celebren para facer fronte á situación xerada polo coronavirus COVID-2019, de acordo co establecido no punto anterior, aplicaráselles a tramitación de urxencia”.*

O Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, declara o estado de alarma polo goberno da nación para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

**Segundo.-** En data 30 de abril de 2020, a xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local elabora memoria xustificativa na que manifesta:

“1.- A situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 xera a necesidade de que as Administracións desenvolvan unha labor de axuda a persoas en situación de especial vulnerabilidade. As entidades locais teñen entre as súas competencias propias a “Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social” así coma a “Promoción no seu término municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e as comunicacións” e as “Actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero” (art. 25.2 apartados e), ñ) e o) da Lei 7/1985



## Concello de Vigo

Reguladoras das bases de Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013), a "Prestación dos servizos sociais e a promoción e reinserción sociais", a "Execución de programas propios destinados á infancia, xuventude, muller e terceira idade" así coma a "Participación na formación de activos e desempregados" (artigo 80.2.k), 80.2.o) e 80.2.p) da Lei 5/1997, 22 xullo reguladora da Administración local de Galicia).

2.- O departamento municipal de Desenvolvemento Local e Emprego da área de goberno de Cultura, Emprego e Participación cidadá ven realizando unha labor de Información e Asesoramento a emprendedores e PEMES, a fin de promover o emprego a través de servizos gratuítos de información, asesoramento, formación e apoio tanto a persoas como empresas e organizacións, todo co obxectivo de promover o emprego de conformidade co previsto na Estratexia DUSI "Vigo Vertical", a cal prevé no seu Obxectivo Temático 9 a promoción da inclusión social así como a loita contra a pobreza.

Porén, e tal e como consta nos antecedentes do presente informe, a evolución da pandemia que deu lugar á declaración de emerxencia sanitaria na nosa Comunidade Autónoma e de estado de alarma nacional, con suspensión de todas as actividades non esenciais, está a provocar un impacto devastador sobre os/as autónomos/as (15.422 - 64%) e micropemes (7.482 -31%) da nosa cidade, que supoñen o 95% da actividade empresarial e que están a ser os máis vulnerables. O que demanda unha áxil resposta da administración local como institución máis próxima á cidadanía.

3.- Na procura de solucións inmediatas para encarar a situación de crise económica actual provocada polo Covid-19 e, en cumprimento do ordenado pola Alcaldía-Presidencia mediante resolución d0 29 de abril de 2020, desde a Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá impúlsase este contrato de servizo a fin de que facilite o desenvolvemento de accións de alto impacto e inmediatez e orientada a obter resultados nun curto período de tempo, a fin de evitar ao máximo posible a destrución do emprego xerado polos emprendedores da cidade de Vigo, especialmente dirixido aos máis vulnerables que son as persoas autónomas e as micropemes.

3.1.- A tal efecto considérase imprescindible dispor dun servizo de asesoramento e formación multidisciplinar, para acadar os seguintes **obxectivos**:

- Por en marcha unha "xanela única" que canalice todas as cuestións que afecten directamente á actividade empresarial da cidade provocada pola actual crise sanitaria.
- Minimizar o impacto económico e social que a crise sanitaria provoca nas persoas autónomas e micropemes.
- Reactivar a actividade de autónomos/as e micropemes no actual contexto de incerteza.
- Dar resposta ás novas necesidades e prioridades de autónomos/as e micropemes.
- Apoiar o desenvolvemento de accións de rápido impacto na actividade empresarial das persoas autónomas e as micropemes.

3.2.- O servizo abrangue a **prestación da atención e información** a autónomos e micropemes e guía dos procedementos sobre as medidas adoptadas polo Goberno e a Xunta de Galicia para paliar os efectos derivados do COVID-19: suspensión de prazos administrativos, Expedientes de regulación temporal de emprego por forza maior e por causas

obxectivas, prestación por cese de actividade, liñas de créditos e avais, orientación fiscal, financeiro e laboral.

Ao anterior, engadiríase a **prestación de implantación e acompañamento** de medidas que permitan ás empresas poder adaptarse no actual contexto de crise, mediante:

- Análise e diagnose da situación actual da actividade empresarial.
- Priorización das accións a desenvolver (evitar o estancamento perante esta situación).
- Acompañamento para a implantación de 1 ou 2 solucións con alto impacto nun período de dúas semanas (15 horas de media por servizo), co obxectivo de obter resultados inmediatos. Tipoloxía das accións:

- ÁMBITO FINANCEIRO:

- REPLANIFICACIÓN DE DÉBEDA E XESTIÓN DE COBROS E PAGOS: para poder afrontar a curto prazo débedas con provedores
- FINANCIACIÓN BANCARIA E XESTIÓN DE AVAIS: para obter liquidez con acordos comerciais e xestión de riscos financeiros

- ÁMBITO DE NEGOCIO:

- REORIENTACIÓN DO NEGOCIO: para xerar fontes de ingresos alternativas
- RECONFIGURACIÓN DA OFERTA COMERCIAL: para reter clientes e captar novos clientes
- PROMOCIÓN ONLINE: para buscar novas canles de vendas (plataformas e-commerce)

- ÁMBITO DE OPERACIÓNS:

- IMPLANTACIÓN DE POSTOS DE TELETRABALLO: para seguir traballando desde o domicilio dun xeito similar ao que se tiña nos postos de traballo habituais
- PRESTACIÓN DE SERVIZOS ONLINE: para manter o servizo aos clientes en remoto

- ÁMBITO DAS PERSOAS:

- PLANIFICACIÓN LABORAL: Mellora da planificación a curto e medio prazo no ámbito laboral
- MOTIVACIÓN DE EQUIPOS E FORTALECEMENTO DE COMPETENCIAS: Mellora da motivación, cohesión e compromiso do equipo de traballo"

Na citada memoria xustifica a elección do contratista, INOVALABS DIGITAL, S.L

As características do contrato son as seguintes:

- O obxecto do contrato é a prestación de servizo para a Reactivación Económica e Social de Autónomos/as e Micropemes do Concello de Vigo, para atender ás novas necesidades derivadas da situación de emerxencia sanitaria xerada polo COVID-19.
- O prezo é de 122.086,58 euros (IVE incluído de 21.188,58 €).
- O prazo de execución é de oito meses a contar dende o seguinte á notificación do acordo de adxudicación ao contratista.
- Neste contrato, tendo en conta a natureza das prestacións obxecto do contrato non é necesario fixar prazo de garantía.





## Concello de Vigo

- As características técnicas serán as recollidas no prego de prescricións técnicas incorporado ao expediente 14438/77, co seguinte Equipo técnico:
  - 1 responsable da coordinación do servizo
  - 1 técnico/a para o servizo de atención e información
  - 4 técnicos/as especializados/as para o servizo de implantación e acompañamento.

**Terceiro.-** Pola súa natureza este gasto resultaría imputable á aplicación orzamentaria 2410.227.06.10 "*DUSI OT, 9, LA 16, Asesoramento a PEMES e emprendedores*".

**Cuarto.-** Polo servizo de Contratación comprobase que o licitador seleccionados ten aptitude para contratar.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

#### **A TRAMITACIÓN DE EMERXENCIA DOS CONTRATOS RELATIVOS A MEDIDAS RELATIVAS Á SITUACIÓN XERADA POLO CORONAVIRUS COVID-2019**

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), prevé tres formas de tramitación do expediente de contratación: ordinaria, urxente e de emerxencia.

A principal diferenza entre eles é o diferente prazo de duración da tramitación do expediente.

A tramitación ordinaria é a que se segue por regra xeral, salvo que haxa motivos para declarar a tramitación urxente ou que permitan aplicar a tramitación de emerxencia.

Os expedientes cualificados de urxentes tramitaranse seguindo o mesmo procedemento que os ordinarios, máis gozarán de preferencia para o seu despacho e os prazos establecidos para a licitación, adxudicación e formalización do contrato reduciranse á metade.

A tramitación de emerxencia se caracterízase porque nestes casos podese prescindir da tramitación do expediente de contratación, reservándose a tramitación ordinaria para aquelas actuacións que non teñan o carácter de emerxencia.

A **tramitación de emerxencia** está regulada no artigo 120 da LCSP que a limita a aqueles contratos que veñan determinados pola necesidade dunha actuación inmediata por mor de acontecementos catastróficos, de situacións que supoñan grave perigo ou de necesidades que afecten á defensa nacional. Caracterízase porque nestes casos pódese prescindir da tramitación do expediente de contratación, reservándose a tramitación ordinaria para aquelas actuacións que non teñan o carácter de emerxencia.

Os supostos nos que cabe a tramitación de emerxencia son os seguintes:

- 1) Acontecementos catastróficos.
- 2) Situacións que supoñan grave perigo

3) Necesidades que afecten á defensa nacional.

A crise xerada polo coronavirus COVID-2019 pode cualificarse como unha situación que supón grave perigo, o que permitiría aplicar a tramitación de emerxencia (artigo 120.1 LCSP).

Nesta liña, a XGL, en data 13 de marzo, adoptou o seguinte acordo:

*“1º.- A adopción de calquera medida, directa ou indirecta, para facer fronte ó coronavirus covid-2019, xustificará a necesidade de actuar de maneira inmediata ó amparo do previsto no artigo 120 da LCSP.*

*2º.- A todos os contratos que se celebren para facer fronte á situación xerada polo coronavirus covid-2019, de acordo co establecido no punto anterior, aplicaráselles a tramitación de urxencia”.*

Da memoria do servizo xestor despréndese que o presente contrato está relacionado directamente coas medidas adoptadas para facer fronte ó coronavirus covid-2019 polo que está xustificada a tramitación de emerxencia do mesmo e o seu obxecto é de competencia municipal.

A situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 xera a necesidade de que as Administracións desenvolvan unha labor de axuda a persoas en situación de especial vulnerabilidade. As entidades locais teñen entre as súas competencias propias a “Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social” así coma a “Promoción no seu término municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e as comunicacións” e as “Actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero” (art. 25.2 apartados e), ñ) e o) da Lei 7/1985 Reguladoras das bases de Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013), a “Prestación dos servizos sociais e a promoción e reinserción sociais”, a “Execución de programas propios destinados á infancia, xuventude, muller e terceira idade” así coma a “Participación na formación de activos e desempregados” (artigo 80.2.k), 80.2.o) e 80.2.p) da Lei 5/1997, 22 xullo reguladora da Administración local de Galicia).

-II-

## **DO RÉXIME DOS CONTRATOS DE EMERXENCIA**

Este réxime excepcional caracterízase polas seguintes notas:

1. O órgano de contratación, sen obrigação de tramitar expediente de contratación, poderá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevida, ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse aos requisitos formais establecidos na presente Lei, incluso o da existencia de crédito suficiente. No caso de que non exista crédito adecuado e suficiente, unha vez adoptado o acordo, procederase á súa dotación.
2. O prazo de inicio da execución das prestacións non poderá ser superior a un mes, contado desde a adopción do acordo. Si excedécese este prazo, a contratación de devanditas prestacións requirirá a tramitación dun procedemento ordinario.



## Concello de Vigo

3. Executadas as actuacións obxecto deste réxime excepcional, observarase o disposto na lei sobre cumprimento dos contratos, recepción e liquidación da prestación.
4. Se renderá a conta justificativa do libramiento que, no seu caso, se efectuase, con reintegro dos fondos non investidos.
5. As restantes prestacións que sexan necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia contrataranse con arranxo á tramitación ordinaria.

-III-

### DO CRÉDITO PARA FACER FRONTE Ó GASTO

Pola súa natureza este gasto é imputable á aplicación orzamentaria 2410.227.06.10 "DUS/OT, 9, LA 16, Asesoramento a PEMES e emprendedores".

-IV-

### COMPETENCIA

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

### ACORDO

*"Adxudicar o contrato de servizo de reactivación económica e social de Autónomos/as e Micropemes do Concello de Vigo, á empresa INOVALABS DIGITAL, S.L, aplicando a tramitación de emerxencia ao abeiro do artigo 120 da LCSP e de acordo coas seguintes características:*

- *O obxecto do contrato é a prestación de servizo para a Reactivación Económica e Social de Autónomos/as e Micropemes do Concello de Vigo, para atender ás novas necesidades derivadas da situación de emerxencia sanitaria xerada polo COVID-19.*
- *O prezo é de 122.086,58 euros (IVE incluído de 21.188,58 €).*
- *O prazo de execución é de oito meses a contar dende o seguinte á notificación do acordo de adxudicación ao contratista.*
- *A responsable do contrato é a xefa do servizo de Desenvolvemento Local e emprego.*
- *Neste contrato, tendo en conta a natureza das prestacións obxecto do contrato non é necesario fixar prazo de garantía.*
- *As características técnicas serán as recollidas no prego de prescricións técnicas incorporado ao expediente 14438/77.*
- *O equipo técnico estará formado polos seguintes profesionais:*
  - *1 responsable da coordinación do servizo*

- 1 técnico/a para o servizo de atención e información
- 4 técnicos/as especializados/as para o servizo de implantación e acompañamento

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(332).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE ASESORAMENTO A PEMES E EMPRENDEDORES DENTRO DA ESTRATEXIA DUSI “VIGO VERTICAL” (COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL – FEDER). EXPTE. 16737/77.**

Visto o informe de fiscalización do 08/05/2020, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada en data 7/05/2020, que di o seguinte:

#### 11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de asesoramento a PEMES e emprendedores dentro da estratexia DUSI “VIGO VERTICAL” (cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional – FEDER) (16.737-77)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo
- Real Decreto-lei 17/2020, do 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-2019
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de asesoramento a PEMES e emprendedores dentro da estratexia DUSI “VIGO VERTICAL” (cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional – FEDER) (16.737-77)

### **ANTECEDENTES**



## Concello de Vigo

**Primeiro.-** Con data do 27 de decembro de 2019 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“1º Aprobar o expediente de contratación (16737-77) por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada de “SERVIZOS DE ASESORAMENTO A PEMES E EMPREENDEDORES DENTRO DA ESTRATEXIA DUSI “VIGO VERTICAL” (COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER))”.*

*2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, de 28 de outubro de 2019, e o prego de cláusulas administrativas particulares, de 17 de decembro de 2019, que rexerán a contratación de “SERVIZOS DE ASESORAMENTO A PEMES E EMPREENDEDORES DENTRO DA ESTRATEXIA DUSI “VIGO VERTICAL” (COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER))”.*

*3º.- Aprobar, por procedemento anticipado, o gasto por importe de **501.309,30 €**, para a contratación de servizos de ASESORAMENTO A PEMES E EMPREENDEDORES DENTRO DA ESTRATEXIA DUSI “VIGO VERTICAL (COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER), con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2270610 “DUSI, OT9, LA16 ASESORAMENTO A PYMES E EMPREENDEDORES”, dos orzamentos do Concello de Vigo do 2020.*

*4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida”.*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 23 de abril de 2020 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento Procedemento aberto para a contratación dos servizos de asesoramento a PEMES e emprendedores dentro da estratexia DUSI “VIGO VERTICAL” (cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional – FEDER) (16.737-77) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	UTE DIRECCION POR IMPLICACION, S.L. Y CONSULTING EMPRESARIAL CASARES, S.L.	93,55
2	PENINSULA CORPORATE INNOVATION, S.L.	92,43
3	INOVALABS DIGITAL, S.L.	91,83
4	ARXON ESTRATEGIA, S.L.U.	91,75
5	KPMG ASESORES, S.L.	84,95
6	UTE BEPROJECT CONSULTORIA DE FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. Y HTO ABOGADOS, S.L.P.	63,35
7	CINK VENTURING, S.L.	59,90
8	ADECCO FORMACION, S.A.U.	30,98

**Segundo.-** *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN, S.L. e CONSULTING EMPRESARIAL CASARES, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*

2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgado da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013”.*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN, S.L. e CONSULTING EMPRESARIAL CASARES, S.L., o día 23 de abril de 2020, que presenta a documentación requirida o 4 de maio, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 7 de maio de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN, S.L. e CONSULTING EMPRESARIAL CASARES, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UTE DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN, S.L. e CONSULTING EMPRESARIAL CASARES, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 10 e 30 de marzo de 2020, respectivamente.

**Terceiro.-** De conformidade co primeiro punto da disposición adicional terceira do RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto



## Concello de Vigo

465/2020, do 17 de marzo *“suspéndense termos e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público (...)”. Así mesmo, no seu punto 3 establece “No entanto o anterior, o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo”.*

**Cuarto.-** A disposición adicional oitava do Real Decreto-lei 17/2020, do 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-2019 establece *“Para os efectos previstos no apartado 4 da disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, desde a entrada en vigor deste real decreto-lei acórdase o levantamento da suspensión dos termos e interrupción dos prazos dos procedementos de contratación promovidos por entidades pertencentes ao Sector Público, no sentido definido no artigo 3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, sempre e cando a súa tramitación se realice por medios electrónicos. O disposto no parágrafo anterior permitirá igualmente o inicio de novos procedementos de contratación cuxa tramitación se leve a cabo tamén por medios electrónicos. Esta medida estenderase aos recursos especiais que procedan en ambos casos.*

A este expediente resúltalle de aplicación o previsto na citada disposición ao tramitarse por medios electrónicos.

**Quinto.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar á UTE DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN, S.L. e CONSULTING EMPRESARIAL CASARES, S.L. o procedemento aberto para a contratación dos servizos de asesoramento a PEMES e emprendedores dentro da estratexia DUSI “VIGO VERTICAL” (cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional – FEDER) (16.737-77) por un prezo total de 300.793,90 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 52.203,90 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública

prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **5(333).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A O FOMENTO DO EMPRENDIMENTO E A CONSOLIDACIÓN EMPRESARIAL A TRAVÉS DO TRABALLO COLABORATIVO – 2020”. EXPTE. 17262/77.**

Visto o informe de fiscalización do 08/05/2020, dáse conta do informe-proposta de data 05/05/2020, asinado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento Local (Resolución de 23/10/19) o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda., que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

#### **I. Obxecto:**

Dende a Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo, procédese á tramitación da convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para o fomento do emprego a través do emprendemento e a consolidación empresarial en entornas colaborativas (*espazos de traballo, compartidos entre varios usuarios que forman unha comunidade aportándose valor mutuamente a través das conexións xeradas, o que poden supor novas relacións cliente-proveedor así como en intercambios e colaboración de tipo horizontal entre os propios ‘coworkers’(coworking)*) dende o **01 de xaneiro ao 30 de setembro de 2020**.

Están dirixidas a fomentar o emprego mediante o emprendemento e/ou a consolidación do mesmo, a través de axudas para o aluguer de espazos en centros de coworking, de tal xeito que se mellore a colaboración entre empresas e/ou profesionais independentes doutras actividades, a fin de reducir custos de funcionamento e mellorar a información, formación, colaboración e a oferta de servizos empresariais, pero sempre xerando novas sinerxias.

#### **II. Competencia para a actividade de fomento do emprego:**

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local que modificou á Lei 2/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), trata de clarificar, segundo a súa Exposición de Motivos, as competencias municipais, para evitar duplicidades coas competencias doutras Administracións, racionalizar a estrutura organizativa da Administración local e procede, xa que logo, a modificar o réxime competencial municipal coa modificación entre outros, dos artigos 25, 26 e 27 da LRBRL.

A Comunidade Autónoma de Galicia, dacordo coa competencia atribuída en materia de réxime local no artigo 27.2 do Estatuto de Autonomía e, respectando a autonomía que ás entidades locais lles recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución, aprobou a Lei 5/2014, do





## Concello de Vigo

27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013. A devandita lei establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias *a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin *a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde o Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*. A este respecto, cómpre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello segundo o artigo 80.2.p) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia a participación da formación de activos desempregados e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

Neste marco normativo, a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

De conformidade co exposto, queda determinada a competencia municipal para o exercicio da actividade de fomento do emprego.

### **III. Xustificación da tramitación administrativa destas subvencións:**

Propónse a tramitación das BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A O FOMENTO DO EMPRENDEMENTO E A CONSOLIDACION EMPRESARIAL A TRAVÉS DO TRABALLO COLABORATIVO - 2020 – sendo preciso para o interese xeral ao ter por obxecto conceder axudas para o aluguer de espazos en centros de coworking, de tal xeito que se mellore a colaboración entre empresas e/ou profesionais independentes doutras actividades, a fin de reducir custos de funcionamento e mellorar a información, formación, colaboración e a oferta de servizos empresariais e así, tratar de paliar as consecuencias económicas provocadas polo COVID-19 nas persoas autónomas e micropeques.

### **IV. Beneficiarias:**

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as micropemes<sup>1</sup>, independentemente da súa forma xurídica, comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e persoas emprendedoras que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional, que teñan o seu domicilio social e fiscal en Vigo.

## **V. Procedemento de concesión da subvención:**

A convocatoria realízase en réxime de concorrencia competitiva.

## **VI. Contido:**

As bases reflicten o contido mínimo esixido nos artigos 17 da LXS e 14 da LSG, en canto ao obxecto, requisitos das beneficiarias, procedemento de concesión, criterios obxectivos de outorgamento, contías, crédito orzamentario, compatibilidade con outras subvencións, procedemento de concesión así coma órganos competentes, composición do órgano colexiado, prazo e forma de xustificación. E atenden aos principios reguladores das subvencións establecidos nos artigos 8.3 LXS e 5.2 LSG

As novidades introducidas nas bases reguladoras respecto de anteriores convocatorias son as seguintes:

- Modifícase a Base 1ª para definir con maior concreción o concepto de coworking e a de micropemes.
- Modifícase a Base 2ª.2 para definir cando se ten que estar de alta no IAE ou como persoa autónoma, concretando que ten que ser con anterioridade á convocatoria destas subvencións.
- Modifícase a Base 3ª.2 para concretar que os custes subvencionables de aluguer de espazos para eventos teñen que ser en centros de coworking.
- Na Base 4ª actualízase o n.º de partida e a súa denominación.
- Na Base 8ª indícase que os modelos oficiais de solicitudes estarán dispoñibles só na web do Concello e que, os solicitantes non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos que carezan de certificado dixital ou carpeta cidadá, excepcionalmente e mentres dure esta situación de suspensión da atención presencial no Concello, poderán achegar a documentación por correo electrónico a [ofi.emplo@vigo.org](mailto:ofi.emplo@vigo.org).
- Actualízase a Base 9ª referida á documentación esixida para participar no procedemento: as Vidas laborais teñen que ser individuais; se no contrato de aluguer non figura que se trata dun centro de coworking terase que presentar documento que o acredite como tal; achegaranse as facturas de xaneiro e febreiro para a comprobación do custe de aluguer actualizado e presentación do orzamento no caso de incluír nos custes o aluguer de espazos para evento/s. Ademáis, debido á situación excepcional na que estamos, engádese que os solicitantes non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos que carezan de certificado dixital ou carpeta cidadá, excepcionalmente e mentres dure esta situación de suspensión de atención presencial no Concello, poderán achegar a documentación por correo electrónico a [ofi.emplo@vigo.org](mailto:ofi.emplo@vigo.org).

<sup>1</sup> Empresa cunha plantilla inferior a 10 traballadores e un volume de negocio e balance inferior a 2 millóns de euros.



## Concello de Vigo

- Na Base 10<sup>a</sup> os criterios de baremación para o apartado 4 cambian, definindo 3 tramos de puntuación de acordo ao ano de constitución da empresa ou de alta da persoa autónoma. Tamén se aclara que de non ter persoal contratado asignaranse 2 puntos por considerar que hai un traballador/a e terase en conta a idade desta persoa.
- Na Base 11<sup>a</sup> engácese outro suposto de desestimación referido ás situacións en que non se subsanase ou non se subsanase adecuadamente a documentación no prazo establecido.
- Na Base 12<sup>a</sup> elimínanse o tramite de resolución provisional e prazo de alegacións á mesma, xa que se trata de acortar o periodo de resolución destas axudas debido á situación de necesidade que xorde por mor da etapa de confinamento polo Covid-19.

### VII. Normativa de aplicación:

Dacordo co disposto no artigo 17.2 da LXS as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións, ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

A este respecto e, dacordo co disposto nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo do 2020 - resulta de aplicación para a elaboración das presentes bases o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2019, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

### VIII. Contía total e crédito orzamentario:

A contía total estimada destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario do 2020 do Concello de Vigo é de **35.000,00 €** (trinta e cinco mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 700004 "Emprendemento e consolidación empresarial a través do traballo colaborativo", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo.

O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo da actividade ou actuación subvencionada.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local das bases reguladoras, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión da subvención.

### IX. Publicidade:

Publicaranse, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro” e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)). Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).
- Os modelos de formularios oficiais, que se publicarán na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) a disposición dos usuarios.

A tal efecto, tense procedido a elaborar unha convocatoria, así como as bases reguladoras e un extracto da mesma en galego e castelán.

#### **X. Recursos:**

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

#### **XI. Órgano competente:**

O artigo 74 da Lei de subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 19/06/2015, é competente para aprobar as Bases, a convocatoria e o gasto, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

De conformidade co anteriormente exposto e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das



## Concello de Vigo

delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

### PROPOSTA DE ACORDO

**PRIMEIRO:** Autorizar a continuación da tramitación do presente procedemento administrativo de BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPRENDEMENTO E A CONSOLIDACION EMPRESARIAL A TRAVÉS DO TRABALLO COLABORATIVO – 2020” expte. núm. 17262-77, ao abeiro do establecido na Disposición adicional terceira do R.D. 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 modificado polo Decreto 465/2020, ao ter por obxecto a concesión de axudas para o aluguer de espazos en centros de coworking, de tal xeito que se mellore a colaboración entre empresas e/ou profesionais independentes doutras actividades, a fin de reducir custos de funcionamento e mellorar a información, formación, colaboración e a oferta de servizos empresariais e así, tratar de paliar as consecuencias económicas provocadas polo COVID-19 nas persoas autónomas e micropemes, sendo preciso para o interese xeral.

**SEGUNDO:** Aprobar o gasto por importe de **35.000,00 €** (trinta e cinco mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 700004 “Emprendemento e consolidación empresarial a través do traballo colaborativo”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do ano 2020.

**TERCEIRO:** Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma, as “Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para o Fomento do Emprendemento e a Consolidación Empresarial a través do traballo colaborativo” correspondentes ao ano 2020 e os modelos de formularios oficiais que se achegan como Anexos ao presente acordo.

**CUARTO:** Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o Fomento do Emprendemento e a Consolidación Empresarial a través do traballo colaborativo 2020” e os modelos oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)). Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).
- Os modelos de formularios oficiais, que se publicarán na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) a disposición dos usuarios.

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **BASES REGULADORAS DAS SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPRENDEMENTO E A CONSOLIDACION EMPRESARIAL A TRAVÉS DO TRABALLO COLABORATIVO (2020)**

#### **BASE 1ª.- OBXECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIOS DAS SUBVENCÍONS**

##### **Obxecto:**

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas a persoas emprendedoras e micropemes<sup>1</sup>, independentemente da súa forma xurídica, comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e persoas emprendedoras que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional, para o fomento do emprego a través do emprendemento e a consolidación empresarial en entornas colaborativas (*espazos de traballo, compartidos entre varios usuarios que forman unha comunidade aportándose valor mutuamente a través das conexións xeradas, o que poden supor novas relacións cliente-proveedor así como en intercambios e colaboración de tipo horizontal entre os propios 'coworkers'(coworking)*) dende o **01 de xaneiro ao 30 de setembro de 2020**.

##### **Finalidade:**

Están dirixidas a fomentar o emprego mediante o emprendemento e/ou a consolidación do mesmo, a través de axudas para o aluguer de espazos en centros de coworking, de tal xeito que se mellore a colaboración entre empresas e/ou profesionais independentes doutras actividades, a fin de reducir custos de funcionamento e mellorar a información, formación, colaboración e a oferta de servizos empresariais, pero sempre xerando novas sinerxias.

A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego e a consolidación dos proxectos empresariais das persoas emprendedoras e das micropemes e, en particular:

- Facilitar a consolidación de proxectos de emprendemento empresarial.
- Fomentar o uso *de entornas colaborativas de traballo entre varios usuarios que forman unha comunidade (coworking)* na cidade, cara á redución de custos e á eficiencia empresarial.
- Potenciar a xeración e continuidade de grupos empresariais e autónomos en entornas colaborativas.
- Facilitar os inicios ás persoas emprendedoras e ás micropemes, cunha axuda económica destinada ao aluguer de espazos para o desenvolvemento da súa actividade en colaboración con outros profesionais, na mesma entorna.



## Concello de Vigo

- Fomentar o traballo empresarial en rede (networking), mediante o compartimento de espazos físicos con outros empresarios e persoas emprendedoras, establecer novas relacións, coñecer outros puntos de vista e crear novas sinerxias.

### **Beneficiarias:**

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as micropemes<sup>1</sup>, independentemente da súa forma xurídica, comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e persoas emprendedoras que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional, que teñan o seu domicilio social e fiscal en Vigo.

### **BASE 2ª.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES**

Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarias as persoas autónomas e micropemes, que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que teñan a súa sede fiscal e social no termo municipal de Vigo, ambas con data anterior ao inicio do prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria
2. Estar en situación de alta no IAE da empresa ou empresario/a individual que solicita a axuda ou documento equivalente con anterioridade ao prazo da convocatoria.
3. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
4. Que se atopen ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) e co Concello de Vigo e fronte á Seguridade Social. O Concello de Vigo procederá á consulta e verificación telemática dos seus datos **agás oposición expresa do interesado que reflectirá no/s apartado/s correspondente/s no reverso do Anexo I**, en cuxo caso **xuntará a/s certificación/s que acrediten que están ao corrente**, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.
5. Non estar incursas as persoas físicas ou entidades ou as persoas que ostentan a representación legal das mesmas, nalgún dos supostos de prohibición ou circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a.
6. Acompañar á solicitude da documentación preceptiva detallada na Base novena desta convocatoria.
7. Que non exista no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao seu favor para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio de colaboración, para o fomento do emprego.
8. Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo na convocatoria anterior.

### **BASE 3ª.- GASTOS SUBVENCIONABLES**

En xeral, son gastos subvencionables os que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido por estas bases reguladoras.

Considéranse gastos subvencionables, os realizados dentro do ano da convocatoria entre os meses de **xaneiro e setembro, ámbolos dous inclusive**, que se revelen como obxectivamente

<sup>1</sup> Empresa cunha plantilla inferior a 10 traballadores, un volume de negocio inferior a 2 millóns de euros e un activo inferior a 1 millón de euros.

necesarios para que as persoas autónomas e as micropemes, poidan cumprir os fins que lle son propios, e que teñan acomodo no obxecto da convocatoria:

- Custes de aluguer de espazos de traballo en centros de coworking.
- Custes de aluguer de espazos en centros de coworking para a realización de eventos empresariais.

En ningún caso serán subvencionables:

- intereses, recargos e sancións administrativas e penais
- os gastos de procedementos xudiciais

O custe dos gastos subvencionables non poderá ser superior ao valor de mercado.

#### **BASE 4ª.- CONTÍA DAS AXUDAS E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

##### **Contía das axudas:**

- Aluguer de espazos de traballo e para a realización de eventos empresariais:
  - 80% do importe total, cun máximo de 1.500,00 €

##### **Crédito orzamentario:**

- A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario (2020) é de **35.000,00 €** (trinta e cinco mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4700004 “Emprendemento e consolidación empresarial a través do traballo colaborativo”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo.
- O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo do aluguer subvencionado.
- A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

#### **BASE 5ª.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN**

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

Os/as beneficiarios/as deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada, xa que neste caso, procederase na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).

#### **BASE 6ª.- OBRIGAS QUE ASUMEN OS/AS BENEFICIARIOS/AS**

Os/as beneficiarios/as das subvencións conforme á presente normativa, están obrigados a:





## Concello de Vigo

1. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións da convocatoria.
2. Acreditar que se realizaron os gastos subvencionados asumindo as obrigas e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.
3. Para os efectos de difusión pública, en todos os lugares onde se realicen as actividades, deberá figurar de forma visible, cartel informativo no que constará o financiamento do Concello de Vigo, segundo o Anexo VI aprobado nesta convocatoria e que estará a disposición no Servizo de Desenvolvemento Local para todos/as aqueles/as que o soliciten. Así mesmo, na páxina web e/ou nas redes sociais, ata a finalización do ano 2020, publicitarase que o Concello de Vigo colaborou no financiamento dos gastos.
4. Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario levar a cabo, para o que facilitará toda a información e documentación complementaria que se lle requira.
5. Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.
6. Cumprir as condicións que se establecen nestas Bases para a concesión da subvención.
7. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, por canto poderán ser obxecto de actuación de comprobación e control.
8. Comunicar, con motivo da xustificación da subvención, a obtención doutras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nesta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, así como, outros ingresos ou recursos que financien a mesma.
9. Estar ao corrente fronte ás súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
10. Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.
11. Cumprir coas demais obrigas establecidas no art. 14 da LXS.

### BASE 8ª.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), **estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, os seguintes suxeitos:**

- As persoas xurídicas
- Quenes exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria, para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións Públicas no exercicio de dita actividade profesional.

Xa que logo, **os obrigados legalmente deberán presentar e tramitar por medios electrónicos a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo** <https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=ga>, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

**Os solicitantes non obrigados** a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo

a obriga imposta polo artigo 14.2 da LPAC, poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos ou a través da súa carpeta cidadá.

**Excepcionalmente e, mentres dure a situación de suspensión da atención presencial no Concello de Vigo, quenes carezan de certificado dixital ou carpeta cidadá, poderán achegar a súa solicitude e a documentación complementaria por correo electrónico a [ofi.emplo@vigo.org](mailto:ofi.emplo@vigo.org).**

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de **10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia**, que será comunicado dende a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e **deberán asinarse electronicamente** antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Todas as solicitudes deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

## **BASE 9ª.- DOCUMENTACIÓN**

**Os solicitantes non obrigados** a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da LPAC, poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos ou a través da súa carpeta cidadá.

Excepcionalmente e, mentres dure a situación de suspensión da atención presencial no Concello de Vigo, quenes carezan de certificado dixital ou carpeta cidadá, poderán achegar a documentación complementaria por correo electrónico a [ofi.emplo@vigo.org](mailto:ofi.emplo@vigo.org).

**Os solicitantes obrigados** polo art. 14.2 LPAC e aqueles que voluntariamente opten pola tramitación electrónica:

- achegarán copias electrónicas da documentación complementaria, responsabilizándose da veracidade dos documentos que presenten.

- os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se a documentación complementaria se achegase presencialmente por parte dos obrigados polo art. 14.2 LPAC, será requirido para emendala a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.



## Concello de Vigo

Os solicitantes achegarán a documentación que se indica a continuación:

a) **Anexo I “Solicitud”**, con expresión, segundo proceda, de:

- datos do/a solicitante
- datos do/a representante legal
- enderezo
- identificación dun dispositivo electrónico (teléfono móbil o similar), e/ou unha dirección de correo electrónico que servirán para o envío dun aviso de notificación da posta á disposición das notificacións. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
- datos bancarios: en caso de non cumprimentar o cadro dos datos bancarios, deberán achegar certificación bancaria da titularidade da conta.
- contía solicitada.
- lugar, data e sinatura e selo

· Se o solicitante é persoa xurídica: xuntarse á solicitude unha copia do documento de constitución da entidade mercantil rexistrado no Rexistro público correspondente e unha copia da documentación acreditativa da representatividade suficiente para actuar en nome da entidade por parte de quen asina a solicitude.

b) Anexo II: Declaración responsable asinada de cumprimento dos requisitos esixidos na convocatoria.

c) Anexo III: Declaración responsable asinada das axudas solicitados e/ou concedidas.

d) Anexo IV: Declaración responsable asinada do número de persoas empregadas, con indicación de se son menores de 30 anos.

e) Anexo V: Declaración responsable asinada da condición de micropeme (só no caso de persoas xurídicas a efectos de facturación e de número de persoas empregadas).

f) Contrato de aluguer entre o solicitante e o centro de coworking.

g) Vida Laboral individual do solicitante e de cada unha das persoas empregadas.

h) Alta no IAE da entidade ou empresario/a individual que solicita a axuda ou documento equivalente.

i) Documentación acreditativa do enderezo fiscal (tarxeta de identificación fiscal,...).

j) Alta no réxime da Seguridade Social ou certificado da mutualidade do colexio profesional correspondente das persoas promotoras que creen o seu propio posto de traballo.

k) No caso de que no contrato de aluguer non figure claramente o centro de coworking como tal, deberase presentar evidencias de que se trata realmente dun centro de coworking (por exemplo, declaración responsable asinada pola empresa de aluguer de que se trata dun centro de coworking).

l) Facturas dos custes de aluguer de xaneiro e febreiro deste ano. No caso de iniciarse a actividade neste ano 2020 será suficiente co contrato, sempre e cando indique o custe de aluguer mensual.

**m)** No caso de incluír como custes subvencionables os dalgún evento a realizar no centro de coworking, achegarase orzamento do devandito evento asinado pola empresa de coworking.

**o)** Calquera outra comunicación de **modificación ou actualización de datos do solicitante** que consideren relevante, podendo, así mesmo, acompañar os elementos que estimen convenientes para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes.

O/a solicitante poderá acollerse ao dereito establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder de calquera Administración. A administración actuante poderá consultar ou recabar ditos documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documetno se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible recabar os documentos electrónicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante poderá requirir calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

## **BASE 10ª.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS**

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Emprego destinada para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, dacordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións, terase en conta:

- |   |                       |
|---|-----------------------|
| <b>1. Número de empregados:</b>                               | <b>Ata 10 puntos.</b> |
| a) 1º Traballador/a*:   | 2 puntos              |
| b) Por cada traballador/a máis:                               | 1 punto.              |
| <b>2. Empregados/as menores de 30 anos</b>                    | <b>Ata 10 puntos.</b> |
| Por cada traballador/a  | 2 puntos.             |
| <b>3. Calidade da xustificación en convocatoria anterior:</b> | <b>Ata 5 puntos.</b>  |
| a) Xustificación superior ao 85%                              | 5 puntos              |
| b) Xustificación superior ao 50% e inferior ou igual ao 85%   | 4 puntos              |
| c) Xustificación superior ao 25% e inferior ou igual ao 50%   | 2 puntos              |
| d) Revogación ou renuncia                                     | 0 puntos              |
| <b>4. Antigüidade de constitución:</b>                        | <b>Ata 5 puntos.</b>  |
| a) Micropeme constituída ou autónomo dado de alta no 2020     | 6 puntos              |
| b) Micropeme constituída ou autónomo dado de alta no 2019     | 4 puntos              |



## Concello de Vigo

c) Micropeme constituída ou autónomo dado de alta antes do 2019

2 puntos

*\* No caso de autónomos ou micropemes que declaren non ter contratado persoal, suporase que hai unha única persoa traballadora, puntuando, polo tanto, 2 puntos. Se se acredita que ten menos de 30 anos, puntuará a maiores 2 puntos polo apdo. 2.*

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados polo/a solicitante xunto co seu propio coñecemento, a través dos datos existentes nos Servizos da área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo.

### **BASE 11ª.- PREAVALIACIÓN DAS SOLICITUDES E SUPOSTOS DE DESESTIMACIÓNS**

Nesta fase de preavaliación, verificarase o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de beneficiarios/as das subvencións.

Unha vez examinada a documentación achegada polos/as interesados/as, desestimaranse as seguintes solicitudes:

1- Cando non sexa unhas das entidades beneficiarias previstas na Base 1ª.

2- Con carácter xeral:

- Aquelas que non cumpran cos requisitos establecidos na Base 2ª desta convocatoria e na lexislación vixente aplicables para acadar a condición de beneficiarias.
- Aquelas que non tivesen achegado a correspondente/s renuncia/s cando proceda, no exercicio orzamentario anterior á presente convocatoria.
- Aquelas solicitudes que comprenden gastos subvencionables que xa foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo ou subvencionados pola Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá no vixente exercicio orzamentario.
- Aquelas solicitudes que non subsanen a documentación requirida ou aquelas que non a subsanen correctamente no prazo outorgado.

### **BASE 12ª.- PROCEDIMENTO: INSTRUCCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA**

1.- O Servizo de Emprego, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase ao/á solicitante para que nun prazo de dez (10) días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

Os trámites administrativos do presente procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo para os suxeitos obrigados polo art. 14.2 LPAC e para todos aqueles que voluntariamente opten por esta vía.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remitiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efec-

tos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2.- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle aos/ás técnicos/as de Emprego, que baixo a dirección da xefatura do servizo, poderán realizar de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación da veracidade dos datos achegados en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

3.- A avaliación das solicitudes de subvención de cada un dos Programas, conforme aos criterios sinalados na Base Décima, realizarase pola **Comisión de Valoración**, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: O concelleiro delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá ou concelleiro en quen delegue.
- 2 Vogais: A xefa de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e un/unha técnico/a do mesmo.
- 1 Secretario/a: Actuará como secretario/a un/ha dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

O concelleiro delegado da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión.

A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera conveniente.

4- As solicitudes avaliaranse dacordo á documentación achegada, no seu caso, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos na Base Décima.

5- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano colexiado remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todos/as os/as solicitantes que participan na convocatoria co NIF, nome, nº de expediente, puntuación obtida, estimación da súa solicitude ou desestimación (con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega), e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

O prazo de resolución e notificación será de **nove meses** contados a partir da publicación desta convocatoria. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).



## Concello de Vigo

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, o/a interesado/a poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

6- A resolución do procedemento notificarase aos/as solicitantes polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando o/a interesado/a resulte obrigado a recibilas por esta vía.

Con independencia do medio elixido a efectos de notificación, o Concello enviará un aviso ao dispositivo electrónico e/ou dirección de correo electrónico do interesado que consten na solicitude, informándolle da posta a disposición dunha notificación na sede electrónica. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

7- **Dende o día seguinte á notificación da resolución**, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a **aceptación ou renuncia** da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito ao Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tácitamente aceptada.

Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

8- O vencemento do prazo máximo sen terse dictado e notificado a resolución expresa, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

9- Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse por medios electrónicos, recurso de reposición con carácter potestativo perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.

10.- A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá no vindeiro exercicio orzamentario.

## **BASE 13ª.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA**

O/A beneficiario/a no prazo de **un (1) mes** a contar desde o remate do aluguer e ou realización do evento e, **en todo caso, antes do 16 de outubro de 2020**, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

**Os solicitantes non obrigados** polo artigo 14.2 da LPAC, poderán achegar a documentación xustificativa, en soporte papel, presencialmente ante o Rexistro xeral do Concello de Vigo, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo e, pese a non estar obrigados, poderán optar por achegala a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos.

**Os solicitantes obrigados** polo art. 14.2 LPAC e aqueles que voluntariamente opten pola tramitación electrónica:

- achegarán copias electrónicas da documentación complementaria asinadas electrónicamente polo representante, responsabilizándose da veracidade dos documentos que presenten.
- os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

A tal efecto, os/as beneficiarios/as deberán achegar unha **conta xustificativa**: composta dunha **memoria de actividades** e dunha **memoria económica**, segundo se indica a continuación:

**1º Declaración responsable asinada (Anexo VII)** na que manifesten que a documentación dixitalizada que se achega para a xustificación da presente subvención é fiel reprodución da documentación orixinal e que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos recibidos.

**2º Memoria de actividades realizadas asinada, na que deberá figurar, como mínimo, e para cada unha delas, a seguinte información:**

- Nome da empresa e NIF, ou identificación da persoa autónoma e DNI/NIE.
- Sector ao que pertence.
- Descrición da actividade empresarial (tamaño e organigrama da empresa, medios e recursos da mesma, produto/s ou servizo/s, segmento/s de mercado ao/s que vai dirixido, canles de distribución, etc).
- Importe do financiamento.
- Vida laboral actualizada por cada un dos/as empregados/as da solicitude; ou ben, Informe de Vida laboral do Código de conta de cotización da empresa onde figuren as persoas traballadoras coas súas datas de alta/baixa, ... na empresa; ou Informe de Datos de Cotización (IDC) de cada unha das persoas traballadoras.
- Memoria de prensa e comunicación (web, redes sociais, ...), onde describa os medios nos que se publicita ou interactúa cos clientes ou clientes potenciais.
- Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado do lugar de traballo e na páxina web e redes sociais da entidade ou en calquera outra na que se difunda a subvención concedida, do logotipo e/ou cartel oficial da convocatoria do Concello de Vigo.:





## Concello de Vigo

3º) **Memoria económica asinada:** os/as beneficiarios/as achegarán a través da sede electrónica unha memoria económica segundo o modelo a disposición na sede electrónica (**Anexo VIII**), que deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos, facendo constar o **nome de empresa**, o número de **NIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto:

- En caso de exención do IVE achegarase unha declaración responsable asinada pola entidade de non dedución do IVE (**Anexo IX**) ou, no seu defecto, o acordo de exención do IVE correspondente).

As facturas, que serán **orixinais**, deberán recoller o **nome de empresa**, o seu enderezo, o número de **NIF**, a **data**, **número** de factura e o **IVE** e quedarán a disposición do Concello de Vigo (non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación en vigor desde o 1 de xaneiro de 2013).

Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

**Os suxeitos obrigados polo art. 14.2 LPAC e aqueles que voluntariamente opten pola tramitación electrónica, achegarán facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas** asinadas electronicamente **das facturas orixinais en papel** e/ou dos demais documentos de valor probatorio equivalente.

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

4º) **A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias** (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social. Se a entidade non autorizou ao Concello para a súa expedición por medios telemáticos deberá achegar de novo os certificados correspondentes ou a declaración responsable naqueles supostos previstos no artigo 31.7.e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

5º) Para o caso de que a entidade beneficiaria declare **ter recibido outras subvencións** para os mesmos gastos subvencionados nesta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar copia electrónica da resolución de concesión das mesmas.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no seu artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, éste requerirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional estable-

cido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

#### **BASE 14ª.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONS**

No caso de ser incompleta ou defectuosa a documentación achegada, concederase ao/á beneficiario/a un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para a súa subsanación ou entrega, transcorridos os cales, sen atender ao requirimento, teranse por desistidos da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos no art. 21 da LPAC.

O persoal técnico do servizo, será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de informar sobre a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará ao expediente, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou daquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, a desestimación ou desistimento da solicitude, así como, a renuncia á subvención.

#### **BASE 15ª.- OBRIGA DE INFORMACIÓN**

Os/as beneficiarios/as deberán facilitar toda a información e documentación que, en relación aos expedientes de subvencións, lle sexa requirida pola Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, así como, pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

#### **BASE 16ª.- ABOAMENTO**

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificadas.

Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto a beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e frónte á Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Tales circunstancias deberán acreditarse novamente de non ser posible a súa comprobación telemática ou cando os certificados que consten no expediente carezcan de vixencia.

Así mesmo, lémbrese que as entidades beneficiarias están obrigadas a comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

#### **BASE 17ª.- PERDA DO DEREITO AO COBRO: REVOGACIÓN, MINORACIÓN, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIONS. RÉXIME DE INFRACIONS E SANCIONS**

a) Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e, por ende, á súa revogación, o incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases-convocatoria e, en particular de:

- A obriga de xustificación no prazo legalmente establecido
- A non achega da conta xustificativa ou cando a mesma non se axusta aos termos da Base Décimo Terceira.
- As obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias, establecidas nestas Bases, con motivo da concesión das subvencións
- Finalidade para a que se concederon que determinou o seu outorgamento



## Concello de Vigo

- Adopción de medidas de difusión do financiamento público recibido nos termos previstos nestas Bases
- Ocultación ou falsidade de datos e/ou documentos ou obtención de subvencións falseando as condicións requiridas para iso.
- Concurrencia de calquera outra das causas previstas no art. 37 da LXS.

O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a revogación total ou parcial da subvención, adoptarase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará ao/á beneficiario/a co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Desenvolvemento Local.

No caso de que, por concurrencia de subvencións, a contía das axudas superen o custe do proxectos subvencionados, procederá a redución ou minoración da subvención no exceso, no seu caso, reintegro das cantidades percibidas indebidamente.

b) Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, en función do proxecto presentado e o seu orzamento, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de perda do dereito ao cobro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.

c) Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da LXS. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

d) En canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas, e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e o previsto nas Leis 39 e 40, do 1 de outubro de 2015 e Título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril.

### **BASE 18ª.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).

#### **BASE 19ª.- NORMATIVA DE APLICACIÓN**

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2020, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

#### **BASE 20ª.- PUBLICIDADE**

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “Subvencións para o fomento do Emprendemento e a Consolidación Empresarial a través do Traballo Colaborativo” en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), conforme ao art. 14.1 da LSG; a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).



## Concello de Vigo

As subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

### CONVOCATORIA DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPRENDEMENTO E A CONSOLIDACION EMPRESARIAL A TRAVÉS DO TRABALLO COLABORATIVO (2020)

#### **Primeiro.- Obxecto e Finalidade:**

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas a persoas emprendedoras e micropemes<sup>1</sup>, independentemente da súa forma xurídica, comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas, sociedades laborais e persoas emprendedoras que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional, para o fomento do emprego a través do emprendemento e a consolidación empresarial en entornas colaborativas (*espazos de traballo, compartidos entre varios usuarios que forman unha comunidade aportándose valor mutuamente a través das conexións xeradas, o que poden supor novas relacións cliente-proveedor así como en intercambios e colaboración de tipo horizontal entre os propios 'coworkers'(coworking)*) dende o **01 de xaneiro ao 30 de setembro de 2020**.

A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do emprego e a consolidación dos proxectos empresariais das persoas emprendedoras e das micropemes e, en particular:

- Facilitar a consolidación de proxectos de emprendemento empresarial.
- Fomentar o uso de *entornas colaborativas de traballo entre varios usuarios que forman unha comunidade (coworking)* na cidade, cara á redución de custos e á eficiencia empresarial.
- Potenciar a xeración e continuidade de grupos empresariais e autónomos en entornas colaborativas.
- Facilitar os inicios ás persoas emprendedoras e ás micropemes, cunha axuda económica destinada ao aluguer de espazos para o desenvolvemento da súa actividade en colaboración con outros profesionais, na mesma entorna.
- Fomentar o traballo empresarial en rede (*networking*), mediante o compartimento de espazos físicos con outros empresarios e persoas emprendedoras, establecer novas relacións, coñecer outros puntos de vista e crear novas sinerxias.

#### **Segundo.- Beneficiarias:**

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as micropemes<sup>1</sup>, independentemente da súa forma xurídica, comunidades de bens, sociedades civís, sociedades cooperativas,

<sup>1</sup> Empresa cunha plantilla inferior a 10 traballadores, un volume de negocio inferior a 2 millóns de euros e un activo inferior a 1 millón de euros.

sociedades laborais e persoas emprendedoras que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional, que teñan o seu domicilio social e fiscal en Vigo.

#### **Terceiro.- Procedemento de concesión da subvención:**

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

#### **Cuarto.- Normativa de aplicación:**

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2020, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

#### **Quinto.- Contía:**

##### **Contía das axudas:**

- Aluguer de espazos de traballo e para a realización de eventos empresariais:  
80% do importe total, cun máximo de 1.500,00 €

##### **Crédito orzamentario:**

- A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario (2020) é de **35.000,00 €** (trinta e cinco mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4700004 “Emprendemento e consolidación empresarial a través do traballo colaborativo”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo.
- O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo do aluguer subvencionado.
- A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

#### **Sexto.- Prazo de presentación de solicitudes:**

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de **10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia**, que será comunicado dende a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da LPAC.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), **estarán obrigados**



## Concello de Vigo

**a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, os seguintes suxeitos:**

- As persoas xurídicas
- Quenes exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria, para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións Públicas no exercicio de dita actividade profesional.

Xa que logo, **os obrigados legalmente deberán presentar e tramitar por medios electrónicos a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo** <https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=ga>, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os solicitantes **non obrigados** a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da LPAC, poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos ou a través da súa carpeta cidadá. Excepcionalmente e, mentres dure a situación de suspensión da atención presencial no Concello de Vigo, quenes carezan de certificado dixital ou carpeta cidadá, poderán achegar a súa solicitude e a documentación complementaria por correo electrónico a [ofi.emplo@vigo.org](mailto:ofi.emplo@vigo.org).

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) e **deberán asinarse electronicamente** antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

**Todas as solicitudes deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.**

### **Sétimo.- Documentación:**

**Os solicitantes non obrigados** a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da LPAC, poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos ou a través da súa carpeta cidadá.

Excepcionalmente e, mentres dure a situación de suspensión da atención presencial no Concello de Vigo, quenes carezan de certificado dixital ou carpeta cidadá, poderán achegar a documentación complementaria por correo electrónico a [ofi.emplo@vigo.org](mailto:ofi.emplo@vigo.org).

**Os solicitantes obrigados** polo art. 14.2 LPAC e aqueles que voluntariamente opten pola tramitación electrónica:

- achegarán copias electrónicas da documentación complementaria, responsabilizándose da veracidade dos documentos que presenten.

- os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se a documentación complementaria se achegase presencialmente por parte dos obrigados polo art. 14.2 LPAC, será requirido para emendala a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

Os solicitantes achegarán a documentación que se indica a continuación:

a) **Anexo I “Solicitud”**, con expresión, segundo proceda, de:

-datos do/a solicitante

-datos do/a representante legal

-endereço

-identificación dun dispositivo electrónico (teléfono móbil o similar), e/ou unha dirección de correo electrónico que servirán para o envío dun aviso de notificación da posta á disposición das notificacións. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

- datos bancarios: en caso de non cumprimentar o cadro dos datos bancarios, deberán achegar certificación bancaria da titularidade da conta.

- contía solicitada.

- lugar, data e sinatura e selo

· Se o solicitante é persoa xurídica: xuntarase á solicitude unha copia do documento de constitución da entidade mercantil rexistrado no Rexistro público correspondente e unha copia da documentación acreditativa da representatividade suficiente para actuar en nome da entidade por parte de quen asina a solicitude.

**b)** Anexo II: Declaración responsable asinada de cumprimento dos requisitos esixidos na convocatoria.

**c)** Anexo III: Declaración responsable asinada das axudas solicitados e/ou concedidas.

**d)** Anexo IV: Declaración responsable asinada do número de persoas empregadas, con indicación de se son menores de 30 anos.

**e)** Anexo V: Declaración responsable asinada da condición de micropeme (só no caso de persoas xurídicas a efectos de facturación e de número de persoas empregadas).

**f)** Contrato de aluguer entre o solicitante e o centro de coworking.

**g)** Vida Laboral individual do solicitante e de cada unha das persoas empregadas.





## Concello de Vigo

- h) Alta no IAE da entidade ou empresario/a individual que solicita a axuda ou documento equivalente.
- i) Documentación acreditativa do enderezo fiscal (tarxeta de identificación fiscal,...).
- j) Alta no réxime da Seguridade Social ou certificado da mutualidade do colexio profesional correspondente das persoas promotoras que creen o seu propio posto de traballo.
- k) No caso de que no contrato de aluguer non figure claramente o centro de coworking como tal, deberase presentar evidencias de que se trata realmente dun centro de coworking (por exemplo, declaración responsable asinada pola empresa de aluguer de que se trata dun centro de coworking).
- l) Facturas dos custes de aluguer de xaneiro e febreiro deste ano. No caso de iniciarse a actividade neste ano 2020 será suficiente co contrato, sempre e cando indique o custe de aluguer mensual.
- m) No caso de incluír como custes subvencionables os dalgún evento a realizar no centro de coworking, achegarase orzamento do devandito evento asinado pola empresa de coworking.
- o) Calquera outra comunicación de **modificación ou actualización de datos do solicitante** que consideren relevante, podendo, así mesmo, acompañar os elementos que estimen convenientes para completar os datos dos modelos, que serán tidos en conta á hora de estudar e avaliar as solicitudes.

O/a solicitante poderá acollerse ao dereito establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder de calquera Administración. A administración actuante poderá consultar ou recabar ditos documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible recabar os documentos electrónicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas, o departamento convocante poderá requirir calquera outra documentación acreditativa que resulte indispensable para complementar a información facilitada polas entidades solicitantes.

### **Oitavo.- Órganos competentes para a instrución, resolución do procedemento, recursos procedentes e medios de notificación:**

1.- O Servizo de Emprego, revisará os expedientes, comprobando que conteñen a documentación esixida. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase ao/a solicitante para que nun prazo de dez (10) días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

Os trámites administrativos do presente procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo para os suxeitos obrigados polo art. 14.2 LPAC e para todos aqueles que voluntariamente opten por esta vía.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2.- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle aos/ás técnicos/as de Emprego, que baixo a dirección da xefatura do servizo, poderán realizar de oficio cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación da veracidade dos datos achegados en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

3.- A avaliación das solicitudes de subvención de cada un dos Programas, conforme aos criterios sinalados na Base Décima, realizarase pola **Comisión de Valoración**, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: O concelleiro delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá ou concelleiro en quen delegue.
- 2 Vogais: A xefa de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e un/unha técnico/a do mesmo.
- 1 Secretario/a: Actuará como secretario/a un/ha dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

O concelleiro delegado da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión.

A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera conveniente.

4- As solicitudes avalíaranse dacordo á documentación achegada, no seu caso, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos na Base Décima.

5- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano colexiado remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instructor formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o proce-



## Concello de Vigo

demento, na que incluíra unha relación na que se indicarán todos/as os/as solicitantes que participan na convocatoria co NIF, nome, nº de expediente, puntuación obtida, estimación da súa solicitude ou desestimación (con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega), e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instructor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

O prazo de resolución e notificación será de **nove meses** contados a partir da publicación desta convocatoria. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, o/a interesado/a poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando conclusivo/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

6- A resolución do procedemento notificarase aos/as solicitantes polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando o/a interesado/a resulte obrigado a recibilas por esta vía. Con independencia do medio elixido a efectos de notificación, o Concello enviará un aviso ao dispositivo electrónico e/ou dirección de correo electrónico do interesado que consten na solicitude, informándolle da posta a disposición dunha notificación na sede electrónica. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

7- **Dende o día seguinte á notificación da resolución**, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a **aceptación ou renuncia** da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito ao Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tácitamente aceptada.

Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

8- O vencemento do prazo máximo sen terse dictado e notificado a resolución expresa, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

9- Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse por medios electrónicos, recurso de reposición con carácter potestativo perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.

10.- A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá no vindeiro exercicio orzamentario.

#### **Noveno.- Criterios de valoración dos proxectos:**

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Emprego destinada para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, dacordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións, terase en conta:

- |   |                       |
|---|-----------------------|
| <b>1. Número de empregados:</b>                                 | <b>Ata 10 puntos.</b> |
| a) 1º Traballador/a*:   | 2 puntos              |
| b) Por cada traballador/a máis:                                 | 1 punto.              |
| <b>2. Empregados/as menores de 30 anos</b>                      | <b>Ata 10 puntos.</b> |
| Por cada traballador/a  | 2 puntos.             |
| <b>3. Calidade da xustificación en convocatoria anterior:</b>   | <b>Ata 5 puntos.</b>  |
| a) Xustificación superior ao 85%                                | 5 puntos              |
| b) Xustificación superior ao 50% e inferior ou igual ao 85%     | 4 puntos              |
| c) Xustificación superior ao 25% e inferior ou igual ao 50%     | 2 puntos              |
| d) Revogación ou renuncia                                       | 0 puntos              |
| <b>4. Antigüidade de constitución:</b>                          | <b>Ata 5 puntos.</b>  |
| a) Micropeme constituída ou autónomo dado de alta no 2020       | 6 puntos              |
| b) Micropeme constituída ou autónomo dado de alta no 2019       | 4 puntos              |
| c) Micropeme constituída ou autónomo dado de alta antes do 2019 | 2 puntos              |



## Concello de Vigo

*\* No caso de autónomos ou micropemes que declaren non ter contratado persoal, suporase que hai unha única persoa traballadora, puntuando, polo tanto, 2 puntos. Se se acredita que ten menos de 30 anos, puntuará a maiores 2 puntos polo apdo. 2.*

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados polo/a solicitante xunto co seu propio coñecemento, a través dos datos existentes nos Servizos da área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo.

### **Décimo.- Outros datos:**

O/A beneficiario/a no prazo de **un (1) mes** a contar desde o remate do aluguer e ou realización do evento **e, en todo caso, antes do 16 de outubro de 2020**, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

**Os solicitantes non obrigados** polo artigo 14.2 da LPAC, poderán achegar a documentación xustificativa, en soporte papel, presencialmente ante o Rexistro xeral do Concello de Vigo, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo e, pese a non estar obrigados, poderán optar por achegala a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos.

**Os solicitantes obrigados** polo art. 14.2 LPAC e aqueles que voluntariamente opten pola tramitación electrónica:

- achegarán copias electrónicas da documentación complementaria asinadas electrónicamente polo representante, responsabilizándose da veracidade dos documentos que presenten.

- **os documentos que requiran sinatura, deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A tal efecto, os/as beneficiarios/as deberán achegar unha **conta xustificativa**: composta dunha **memoria de actividades** e dunha **memoria económica**, segundo se indica na Base 13ª.

### **Décimo primeiro.- Publicación:**

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da LSG, publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de "Subvencións para o fomento do Emprendemento e a Consolidación Empresarial a través do Traballo Colaborativo" en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), conforme ao art. 14.1 da LSG; a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para

a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.

- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

As subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

### **6(334).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO, DA XESTIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE ATENCIÓN DOMICILIARIA Á INFANCIA (SADI). EXPTE. 9836/224.**

Visto o informe xurídico do 17/03/2020 e o informe de fiscalización do 23/03/2020, dáse conta do informe-proposta de data 19/04/2020, asinado pola axente de Igualdade de Oportunidades, a xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **Antecedentes:**

. O Servizo Municipal de Atención Domiciliaria da Infancia (SADI) ofrece o coidado temporal das nenas e dos nenos que quedarían sós en ausencia da súa nai, ou persoas responsables, sempre que non se poidan utilizar outros recursos axeitados, ou durante o tempo preciso para acceder a eles. A coidadora infantil é a persoa responsable do coidado e do benestar da/o menor durante o tempo que dura a prestación do servizo.

Trátase dun servizo que ten carácter temporal. Concédese por un período de tempo determinado, mentres duren as circunstancias que deron lugar a súa concesión, ou ben mentres a persoa beneficiaria accede a outro tipo de recursos de apoio estables no tempo, mediante recursos públicos (escolas infantís, servizos escolares, etc.), ou mediante recursos propios (apoios familiares, económicos, etc.).

O servizo ten como fin potenciar e favorecer a formación e o acceso ao emprego remunerado das mulleres da nosa cidade, evitando así que ter ao seu coidado fillos e fillas impida e/ou dificulte a desexable independencia económica das mulleres así como a súa participación social e laboral en igualdade de condicións.

Pretende dar cobertura a necesidades sociais detectadas e ofrece atención a mulleres que se atopan en especial situación de vulnerabilidade social, tendo, entre outros propósitos, o de corrixir procesos de exclusión social e promover procesos de inclusión e de participación social.

O SADI ten como obxectivos:

1. Contribuír á harmonización da vida laboral, profesional e persoal das mulleres, en especial das mulleres vítimas de violencia de xénero.
2. Favorecer á incorporación das mulleres ao emprego.
3. Fomentar a formación académica e/ou ocupacional das mulleres.



## Concello de Vigo

4. Potenciar e facilitar a participación das mulleres nas actividades de asociacionismo: anpas, movemento veciñal, asociacións culturais...
5. Acadar tempo propio e persoal específico para cada muller.

. Desde o Servizo de Igualdade xustificouse a necesidade e a idoneidade de tramitar un expediente de contratación mediante contrato maior de servizos previsto no artigo 17 da LCSP por procedemento aberto. A forma de tramitación será a ordinaria con múltiples criterios de adxudicación, conforme o establecido nos artigos 156 e 145 da LCSP. O informe asinouse en data 09.01.2020 e foi incorporado ao expediente.

. Consta no expediente Resolución de data 09.01.2020 da concelleira delegada de Igualdade autorizando o inicio do expediente.

. Este órgano xestor incorpora ao expediente os seguintes documentos:

- Prego de Prescricións Técnicas, asinado en data 28.02.2020, incorporando no seu anexo o informe da actual adxudicataria do servizo sobre o persoal adscrito ao mesmo (documento con entrada no Rexistro Xeral do Concello nº W412348-2224), en cumprimento da obriga disposta no artigo 130 da LCSP.
- Memoria Xustificativa asinada en data 28.02.2020.

. En data 02.03.2020, o servizo de Contratación emite informe favorable sobre comprobación da documentación esixida pola normativa, e asina e incorpora ao expediente o prego de prescricións administrativas particulares (PCAP).

. Nos termos establecidos no art. 29.4 da LCSP este contrato terá un prazo de duración de dous anos, coa posibilidade de realizar como máximo dúas prórrogas, cunha duración de un ano cada unha.

. Segundo se motiva na memoria xustificativa, o importe do contrato (sen IVE) é de 327.627,56 €. O importe do valor total estimado do contrato, incluídas as prórrogas e a posible modificación do contrato prevista, é de 688.017,88 €.

O prezo do contrato (2 anos de duración) é de 360.390,32 € que inclúe un IVE do 10% de 32.762,76 €.

O prezo unitario é o seguinte:

Concepto	Sen IVE	Con IVE(10%)
Prezo unitario/hora diúrno (de luns a venres)	18,18 €/h	20 €/h
Prezo unitario/hora nocturno ou fin de semana	21,67 €/h	23,84 €/h

. As obrigas económicas derivadas do contrato serán atendidas a conta da partida orzamentaria "Sadi Kanguros" 2311 2279902 e bolsa de vinculación xurídica do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e do orzamento futuro, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento dos exercicios 2020, 2021 e 2022, desglosado do seguinte xeito: no exercicio 2020 imputarase 90.097,58 €, no exercicio 2021 imputarase 180.195,16 € e no exercicio 2022 imputarase 90.097,58 €.

### **Normativa de aplicación:**

- Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes
- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. O obxecto regulado no presente contrato encádrase nas competencias que atribúe aos municipios no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto: *actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero.*
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, especificamente nos artigos relacionados co procedemento aberto que rexerán esta contratación. Art. 156, 157 e 158.

### **Excepcionalidade da suspensión de prazos:**

Visto o informe xurídico de data 17/03/2020, no que se informa o seguinte:

*INFÓRMASE que non se aprecia ningunha cláusula manifestamente contraria a dereito nin inconveniente legal para a aprobación do expediente, unha vez que se incorpore o certificado de existencia de crédito e sen prexuízo e a reserva do que resulte do seu exame pola Intervención.*

*No entanto, para a continuación do expediente máis alá da estrita tramitación interna, é precisa a resolución motivada á que se refire a Disposición Adicional Terceira do RD 463/2020, de 14 de marzo.*

Visto o informe de fiscalización de data 20/03/2020, no que se informa o seguinte:

*A vista das verificacións realizadas por esta Intervención, o expediente 9836-224 fiscalízase de conformidade nos termos recollidos no presente informe, polo que pode continuarse coa súa tramitación administrativa.*

*Para a continuación do expediente máis alá da estrita tramitación interna, é precisa a resolución motivada á que se refire a D.A.3ª do RD 463/2020, de 14 de marzo.*

Cómpre, por tanto, ampliar o contido do informe proposta asinado con data 03/03/2020 pola axente de igualdade, a xefa do Servizo de Igualdade e conformado pola concelleira de Igualdade e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, co obxecto de introducir unha cláusula que faga referencia á resolución motivada á que se refire a D.A.3ª do RD 463/2020, de 14 de marzo, e permita a continuidade da tramitación deste expediente.

A crise sanitaria xerada pola pandemia do coronavirus COVID-2019 provocou a adopción de numerosas normas ditadas polas diferentes administracións territoriais, Estado, Comunidade autónoma de Galicia e Concello, adoptando medidas para superala.

**O Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo**, modificado polo R.D 465/2020, e prorrogado polo Real Decreto 476/2020 e polo Real Decreto 487/2020, declara o estado de alarma polo goberno da nación para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. Na súa disposición adicional terceira interrompe os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público, pero establece a posibilidade de acordar motivadamente a continuación daqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que





## Concello de Vigo

sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos. Tamén permite acordar medidas de ordenación e instrución sempre que sexan estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento, se este manifesta a súa conformidade e se acorde en resolución motivada.

**O Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo**, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo RDL 11/2020, regula as seguintes medidas:

No seu artigo 1: establece un Fondo de continxencia dirixido ás corporación locais para financiar prestación dirixidas (entre outros) a: *Reforzar, con servizos e dispositivos adecuados, los servicios de respiro a personas cuidadoras y las medidas de conciliación para aquellas familias (especialmente monomarentales y monoparentales) que cuenten con bajos ingresos y necesiten acudir a su centro de trabajo o salir de su domicilio por razones justificadas y/o urgentes.*

No seu artigo 34: regula medidas en materia de contratación pública, determina que contratos en execución están suspendidos, total o parcialmente (apartado 1), e que contratos non se poden suspender (apartado 6).

**O Real Decreto-ley 10/2020, de 29 de marzo**, por el que se regula un permiso retribuído recuperable para las personas trabajadoras por cuenta ajena que no presten servicios esenciales, con el fin de reducir la movilidad de la población en el contexto de la lucha contra el COVID-19.

No seu anexo: *No será objeto de aplicación el permiso retribuido regulado en el presente real decreto-ley a las siguientes personas trabajadoras por cuenta ajena, por tanto considérase servizo esencial (entre outros) Las que prestan servicios relacionados con la protección y atención de víctimas de violencia de género*

**O Real Decreto-Ley 12/2020, de 31 de marzo**, de medidas urxentes en materia de protección y asistencia a las víctimas de violencia de género, considera os servizos de atención as vítimas de violencia de xénero servizos esenciais.

**A Orde SND/ 295/2020, de 26 de marzo**, por la que se adoptan medidas en materia de recursos humanos en el ámbito de los servicios sociales ante la situación de crisis ocasionada por el COVID-19 outorga, aos servizos sociais contidos no Catálogo de Referencia aprobado polo Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais y do Sistema para a Autonomía e Atención a Dependencia o 16 de xaneiro de 2013, a consideración de servizos esenciais.

**Resolución da Alcaldía de data 23/03/2020**, resolve manter os procedementos de convocatoria e celebración de sesións da Xunta de Goberno Local, tanto en réxime de sesións ordinarias, como extraordinarias e urxentes, en relación cos procedementos excepciónados da suspensión de termos e prazos do Real Decreto 463/2020.

**A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria de data 09/04/2020, acorda:**

*1º.- Excepcionar da regra xeral de suspensión dos prazos administrativos polas razóns expostas e continuar coa tramitación das seguintes actuacións e procedementos: •A tramitación interna dos expedientes de contratación. •A emisión de informes de valoración de ofertas solicitados pola Mesa de contratación ós técnicos municipais. •A celebración de sesións pola Mesa de Contratación para garantir a continuación da tramitación dos*

*expedientes de contratación. •A presentación da documentación esixida o primeiro clasificado se as empresas clasificadas manifestan a súa conformidade. •A formalización dos contratos nos que concorran as circunstancias previstas no apartado I.A.3. •Procedementos de modificación de contratos. •Procedementos de cesión de contratos. •Procedementos de resolución dos contratos en execución se media a conformidade do contratista. •Procedementos de prórroga dos contratos.*

*2º.- Naqueles supostos que os procedementos non estean suspendidos conforme ó disposto no apartado 4 da disposición adicional 3º do RD 463/2020, deberá xustificarse esta circunstancia.*

O Servizo municipal de Atención Domiciliaria da Infancia ofrece o coidado temporal das nenas e dos nenos que quedarían sós en ausencia da súa nai, ou persoas responsables, sempre que non se poidan utilizar outros recursos axeitados. A poboación destinataria deste servizo son mulleres en situación de vulnerabilidade social: mulleres soas con cargas familiares non compartidas, con baixos ingresos e nunha gran parte vítimas de violencia de xénero. Trátase dun servizo, por tanto, que ten a finalidade de dar cobertura a necesidades sociais detectadas e ofrecer atención a mulleres que se atopan en especial situación de vulnerabilidade social, tendo, entre outros propósitos, o de corrixir procesos de exclusión social e promover procesos de inclusión e de participación social.

Ademais, a situación de crise provocada pola alarma sanitaria xerada polo COVID 19, e as medidas adoptadas para a mitigación da epidemia teñen un impacto social elevadísimo, especialmente en poboación xa considerada vulnerable antes de comezar esta crise. Se ben o peche de instalacións e a adopción do teletraballo de moitas empresas provocou unha baixada da demanda do servizo, ao non ser precisas xa medidas de conciliación para as algunhas das usuarias habituais, existe un determinado número de servizos que é preciso atender: usuarias que deben continuar coa súa actividade laboral por considerarse esencial durante o estado de alarma, e que teñen problemas para conciliar este traballo coa atención das/os súas/seus fillas/os menores de 12 anos, situación agravada polo feito de estar suspendida toda actividade lectiva. Hai que ter en conta, ademais, que moitas das estratexias de conciliación que empregan as mulleres parten do uso de instalacións e servizos públicos agora pechados (ludotecas, escolas infantís, etc), así como da axuda de familiares, amizades... nunha situación na que se recomenda limitar ao máximo os contactos entre persoas diferentes.

Por outra banda, o servizo concíbese para poder manter ás mulleres no seu emprego. Moitas das usuarias deste servizo traballan en sectores económicos feminizados e que na situación actual de alarma sanitaria foron declarados críticos para poder afrontar a crise sanitaria: servizos de limpeza, traballos nas superficies de alimentación, ou en traballos de atención a persoas dependentes.

Todo isto xustifica a continuidade na prestación deste servizo adoptando as medidas de protección e seguridade recomendadas polas autoridades sanitarias. Por este motivo, a prestación do Servizo Municipal de Atención Domiciliaria da Infancia non se viu suspendido durante o estado de alarma e continúa coa súa actividade, conforme co establecido no artigo 1 e o artigo 34.1 do RD 8/2020. O obxecto é evitar que a situación de emerxencia sanitaria provocada polo COVID19 agrave situacións de vulnerabilidade social.

Nesta situación, por tanto, concorren as circunstancias establecidas na disposición adicional terceira do Rd 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a



## Concello de Vigo

xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Decreto 465/2020, e prorrogado polos Rd 476/2020 e Rd 487/2020, para acordar motivadamente a continuación deste procedemento administrativo, ao ser indispensable para a protección do interese xeral e para o funcionamento básico dos servizos. Por unha parte este servizo contribúe a paliar posibles procesos de exclusión atendendo a un sector da poboación da cidade que se atopa en situación de vulnerabilidade social (familias monomarentais, escasos ingresos, vítimas de violencia de xénero...), agravada ademais na actual situación de crise sanitaria. Por outra parte, a prestación deste servizo é necesaria para favorecer a continuidade dos servizos esenciais durante o estado de alarma, ao favorecer que o persoal de servizos críticos poida acudir ao seu posto de traballo facilitándolle a conciliación.

### **PROPOSTA MODIFICADA:**

Polo exposto, e previo informe favorable do servizo de Contratación, Asesoría Xurídica e Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- Autorizar a tramitación do presente procedemento ao abeiro do establecido na Disposición adicional terceira do RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Decreto 465/2020, e prorrogado polos RD 476/2020 e RD 487/2020 ao ter por obxecto a contratación dun servizo que responde a unha necesidade vinculada directamente a feitos do estado de alarma, que é precisa para o interese xeral e para o funcionamento básico dos servizos públicos, e ao abeiro do establecido no acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de abril de 2020.

2º.- Aprobar a apertura do procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente, mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a xestión do Servizo Municipal de Atención Domiciliaria da Infancia (SADI).

3º.- Autorizar o gasto de 360.390,32 € para a contratación da xestión do Servizo Municipal de Atención Domiciliaria da Infancia, que se imputará con cargo á partida presupostaria “*sadi kanguros*” 2311 2279902 e bolsa de vinculación xurídica do orzamento vixente da Concellería de Igualdade e do orzamento futuro, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos dos exercicios 2020, 2021 e 2022, desglosado do seguinte xeito: no exercicio 2020 imputarase 90.097,58 €, no exercicio 2021 imputarase 180.195,16 € e no exercicio 2022 imputarase 90.097,58 €, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no futuro orzamento.

4º.- Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da xestión do Servizo Municipal de Atención Domiciliaria da Infancia de data 02.03.2020, así como o prego de prescricións técnicas para a prestación do servizo de data 28.02.2020.”

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(335).- ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA MUNICIPAL PARA O CONTROL E SEGUIMENTO DAS OBRAS DO PROXECTO DE “REMODELACIÓN DEL ENLACE DEL P.K. 5+000 DE LA AUTOPISTA AP-9V. TRAMOS: CONEXIÓN ESTACIÓN INTERMODAL-AP-9, TÚNEL LEPANTO AP-9 E INSTALACIÓNS E BALIZAMENTOS”. EXPTE. 476/441.**

Visto o informe xurídico do 15/04/2020 e informe de fiscalización do 21/04/2020, dáse conta do informe-proposta de data 12/03/2020, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

**1º.-** Co fin de dar cobertura á nova Estación Intermodal e o Centro Vialia, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda iniciou a tramitación do Proxecto Integrador da Intermodal de Vigo promovido por Adif- Alta Velocidade no marco da Lei 3/2016, por consideralo un proxecto público de urxencia ou de excepcional interese desconforme coa formulación urbanística. Dentro do trámite de información pública, o Concello de Vigo propuxo unha mellora dos accesos ao Centro Vialia e á nova Estación de autobuses. Co obxecto de integrar esta proposta de accesos no proxecto integrador, Adif presentou unha Adenda que se incorporou ao expediente.

Con data 12 de outubro de 2017, a Subdirección Xeral de Explotación da Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Fomento emitiu informe sobre o Proxecto integrado do centro Vialia, estación de Vigo e terminal de autobuses no que instaba a redacción do correspondente proxecto de trazado que conteña o correspondente estudo de tráfico, en cumprimento do artigo 36.9 da Lei 37/2015, de Estradas e do apartado Quinto da Orde FOM/2873/2007.

De conformidade cos requisitos establecidos na Lei 3/2016, o proxecto integrador foi sometido avaliación ambiental simplificada que concluíu con Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de 14 de setembro de 2017.

**2º.-** En data 31 de maio de 2018, asinouse Convenio de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e a Entidade Pública Empresarial Adif-Alta Velocidad para a execución das obras dos accesos e nova vialidad urbana do entorno da Estación Intermodal de Vigo, co obxecto de establecer e concretar o réxime de colaboración entre as entidades asinantes para a execución e financiamento das obras relativas aos accesos viarios rodados, desde a Autoestrada AP-9 e a Rúa Lepanto á futura Estación Intermodal, e resto de vialidade colindante coa mesma.

No citado convenio, contemplase na súa cláusula segunda, unha proposta de actuacións para a Remodelación do enlace do P.K. 5+000 da Autoestrada AP-9V no que consta unha actuación en diferentes tramos (Ramal de Conexión Estación de Autobuses coa AP-9, túnel saída Rúa Lepanto a AP-9, conexión da AP-9 con Centro-Vialia así como as instalacións e



## Concello de Vigo

balizamentos dos mesmos).

Na cláusula sexta establécense os compromisos do Concello de Vigo o cal asume, entre outros compromisos, licitar, adxudicar, executar e dirixir as obras do proxecto de Construción de Conexión Túnel Lepanto AP-9, demolición do paso elevado da Rúa Lepanto, así como as instalacións e balizamentos . Adif pola súa parte comprometéase a licitar, adxudicar, executar e dirixir as obra de conexión da AP-9 co Centro Vialia.

**3º.-** Reunida a Comisión de Seguimento do citado Convenio, constituída ao amparo da cláusula sétima do mesmo en diferentes sesións adoptan unha serie de acordos que se poden resumir no que afecta ao presente expediente nos seguintes:

a.- Sesión de data 05.11.2018:

- O Concello de Vigo licitará conxuntamente as obras de accesos que teñen encomendadas no Convenio o propio Concello e ADIF Alta Velocidad, así como as asistencias técnicas de dirección facultativa correspondentes.

b.- Sesión de data 19.06.2019:

- Actualízanse as anualidades do acordo coa programación máis actualizada das obras e actualízanse os custes económicos que comprenden a execución dos accesos e a nova vialidade urbana do entorno da Estación Intermodal de Vigo de acordo co orzamento definitivo dos proxectos de execución incluíndo as actuacións consensuadas.

c.- Sesión de data 24.07.2019

- Se aceptan os alcances dos proxectos, establécense a forma de pago entre administracións e acórdase plasmar nunha adenda ao Convenio os acordos alcanzados

d.- Sesión de data 02.09.2019

- Por parte de cada administración iniciouse a tramitación da correspondente Addenda. O Concello de Vigo procedeu á aprobación da mesma en sesión de 27.02.2020 da Xunta de Goberno Local, estando pendente da aprobación pola totalidade das administracións asinantes do convenio.

**4º.-** Para levar a cabo ditas actuacións, presentase por ADIF ALTA VELOCIDADE, en cumprimento dos compromisos do convenio, proxecto de “REMODELACIÓN DEL ENLACE DEL P.K. 5+000 DE LA AUTOPISTA AP-9V”, promovido pola Entidade Pública Empresarial Adif-Alta Velocidade e o Concello de Vigo, redactado pola empresa PROYFE S.L. e asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos David Pardiñas Lamas, cun orzamento base de licitación máis IVE de ONCE MILLÓNS OITOCENTOS CORENTA E TRES MIL CATROCIENTOS CATRO EUROS CON TRINTA E TRES CÉNTIMOS (11.843.404,33 €) e data setembro 2019.

Previos informes técnicos e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución, o antedito proxecto foi aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión de data 10.10.2019. (Expte.4414/443).

**5º.-** En data 31.10.2019 A Xunta de Goberno Local acordou aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “REMODELACIÓN DEL ENLACE DEL P.K. 5+000 DE LA AUTOPISTA AP-9V”.

**6º.-** En virtude dos antecedentes descritos e para a realización do servizo obxecto deste expediente, emítase informe de necesidade e idoneidade da contratación do Servizo de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento das obras do proxecto de “REMODELACIÓN DEL ENLACE DEL P.K. 5+000 DE LA AUTOPISTA AP-9V”,

asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, ao abeiro do cal, na mesma data, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos acorda o inicio do citado expediente de contratación.

**7º.-** No expediente contratación consta a documentación que segue:

- a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade da contratación asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario en data 29.01.2020, onde se indican as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento e Servizos de data 29.11.2020.
- c) Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos en data 14.02.2020.
- d) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP redactada polo Servizo Xestor, e asinada en datas 14 e 17 de febreiro de 2020.
- e) Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación en data 9 de marzo de 2020.
- f) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación en data 11 de marzo de 2020.

## **II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato.

**Terceiro.-**No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), o seu carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 22 da LCSP, a non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.



## Concello de Vigo

**Cuarto.-** Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do SERVIZO DE DE ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA MUNICIPAL PARA O CONTROL E SEGUIMENTO DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “REMODELACIÓN DEL ENLACE DEL P.K. 5+000 DE LA AUTOPISTA AP-9V. TRAMOS: CONEXIÓN ESTACIÓN INTERMODAL-AP-9, TÚNEL LEPANTO-AP-9 E INSTALACIONES Y BALIZAMIENTOS”.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos en data 14.02.2020.

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación en data 11.03.2020.

**Cuarto.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **TRESCENTOS SETENTA E NOVE MIL CENTO NOVENTA E SETE CON SESENTA E SETE CÉNTIMOS (379.197,67 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 65.811,17 .

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1532.609.00.90 (2a ANUALIDADE ACCESO A ESTACIÓN DO AVE).

Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

2020	160.601,36 €
2021	218.596,31€
<b>TOTAL</b>	<b>379.197,67 €</b>

**Quinto.-** Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 136,11%.

**Sexto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **8(336).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “REFORMA DA INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN PÚBLICA NO PARQUE DE CASTRELOS DE VIGO”. EXPTE. 4678/443.**

Visto o informe de fiscalización do 06/05/2020, dáse conta do informe-proposta de data 05/05/2020, asinado polo xefe do servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES DE FEITO**

**I.-** O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 22.11.18, resolveu autorizar o gasto para para redacción de proxecto de reforma da instalación de iluminación pública no parque de Castrelos a prol da empresa Nortap Ingenieros (B36426591).

**II.-** A empresa Nortap Ingenieros presenta, trala fase de supervisión de borrador, proxecto de “REFORMA DA INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN PÚBLICA NO PARQUE DE CASTRELOS”, redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial, Ramón Docampo Alonso, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS VINTE E DOUS MIL SEISCENTOS OITENTA EUROS CON SETENTA E TRES CÉNTIMOS (622.680,73 EUROS) e asinado dixitalmente en abril de 2020.

**III.-** A actuación desenvólvese no Parque Municipal de Castrelos e consiste nas obras a executar que se enumeran a continuación:

- Cambio de luminarias e columnas nas seguintes zonas:

Zona de Parque Infantil: Instalación de 1 columna de 12 metros de altura con coroa fixa onde se instalarán 8 proxectores.

Zona de Circuito Running: Instalación de columnas de 5 metros de altura con luminaria LED tipo farol.

Chaira Zona de Circuito Running: Proxectores LED montados sobre novas columnas de 12 metros de altura.

Zona Entrada Parque: Instalación de columnas de 5 metros de altura con luminaria LED tipo farol.

Zona Deportiva: Proxectores LED montados sobre novas columnas de 12 metros de altura.





## Concello de Vigo

- Cambio de luminarias nas seguintes zonas:

Pistas deportivas: onde se aproveitan as columnas existentes e colócanse novos proxectores de LED.

Rúa Angel Ilarri: onde se aproveitan as columnas e modifícanse as luminarias para incluír un bloque óptico LED.

Ponte sobre o río: onde se se aproveitan as columnas e modifícanse as luminarias para incluír un bloque óptico LED.

Porta de entrada: onde se se aproveitan os brazos e modifícanse as luminarias para incluír un bloque óptico LED.

- A instalación de dous novos cadros de mando que substitúen aos anteriores situados na Rúa Angel Ilarri e o outro no interior do Parque (Castrelos nº55).

- A realización de novas canalizacións e cableado desde os novos cadros ata todas as luminarias a instalar.

- E a demolición de antigas luminarias, arquetas e demais elementos da instalación existente, así como outras actuacións complementarias.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de CATRO (4) meses.

**IV.-** En data 18.12.2019 recíbese resolución da Consellería de Cultura (doc. Nº 190201141) autorizando á execución das obras proxectadas, por atoparse dita actuación no ámbito de afección dos bens de interese cultural do parque e pazo Quiñones de León, condicionada o cumprimento das seguintes condicións:

*“O material exterior escollido para as novas luminarias e as columnas que as suxeitan, deberá evitar presentar brillos e metalizados, e no caso de empregar aceiros inoxidables, deberán estar lacados en cor mate.*

*Naqueles elementos metálicos que se conserven e se pretendan aplicar calquera produto protector e queden vistos, evitárase o emprego de acabados susceptibles de xerar brillos, procedéndose o seu pintado con pintura non metalizada en cor RAL6005 (verde escuro) análoga á empregada nas luminarias.*

*Calquera modificación das características descritas neste informe ou outra intervención que se queira engadir, deberá ser novamente sometida a informe pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. En tal caso, na nova proposta deberán detallarse claramente as obras a realizar, tendo en conta os criterios de conservación de materiais, elementos construtivos característicos e integración na paisaxe.”*

**V.-** Consta no expediente administrativo de referencia resolución de Augas de Galicia de data 15.01.2020 (doc. Nº 200010754), autorizando as obras de obras para alumeadado público no parque de Castrelos, no concello de Vigo, condicionada ó cumprimento das seguintes condicións:

*“Xerais*

1. As obras que se autorizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente da clave referida, en canto non resulten modificadas polas presentes condicións.

2. Outórgase esta autorización sen prexuízo de terceiro e salvando o dereito de propiedade, coa obriga de executar as obras conservando as servidumes legais existentes.

3. Toda modificación das características da presente autorización requirirá a previa aprobación de Augas de Galicia.

4. A inspección e vixilancia das obras, tanto durante a súa construción como no período de explotación, estarán a cargo de Augas de Galicia, sendo por conta do beneficiario as remuneracións e gastos que por ditos conceptos se orixinen, segundo as disposicións vixentes.

5. Esta autorización queda suxeita ás disposicións vixentes, ou que no sucesivo se ditén, relativas a contratos e accidentes de traballo e demais de carácter social, así como en xeral ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de pesca fluvial e ás prescricións específicas que lle sinale o ente competente en materia de calidade medio-ambiental, ante o que responderá do seu cumprimento.

6. O titular da autorización será responsable de cantos danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras que se autorizan, quedando obrigado á súa indemnización e a realizar os traballos que a administración lle ordene para a extracción dos cascallos vertidos ó leito durante a execución das mencionadas obras.

Será tamén responsable da conservación en bo estado das obras e instalacións que se autorizan.

7. Esta autorización poderá ser revogada polo incumprimento de calquera das súas condicións e nos casos previstos nas leis, declarándose a revogación por resolución motivada de Augas de Galicia, quen poderá adoptar as medidas que considere necesarias para garantir as condicións normais de desaugue e o respecto ás servidumes legais.

8. Esta autorización é independente de todas aquelas que, en virtude das disposicións legais vixentes, teñan que ser outorgadas por outros organismos ou administracións, e, en particular, da licenza municipal de obras.

#### *Particulares*

1. Traballos correspondentes ao "Proxecto de reforma de alumeado no Parque de Castrelos" consistente no cambio de luminarias e columnas existentes a tecnoloxía LED, instalación de novas columnas e proxectores, substitución de lámpadas, instalación de dous novos cadros de mando e máis execución de novas canalizacións soterradas, cables e arquetas de rexistro, en parcela municipal de referencia catastral 2537101NG2723N0001WE, en zona de policía e servidume, a distancia variable do leito do río Lagares, parroquia de Castrelos, concello de Vigo.

2. Debe destacarse que a zona de actuación se atopa nun área de risco potencial significativo ARPSI, cualificado como zona de fluxo preferente e zona asolagable para



## Concello de Vigo

*un período estatístico de retorno de  $T= 10/100/500$  anos na que o titular da autorización coñece e asume o risco existente e as medidas de protección civil aplicables ao caso e comprométese a trasladar esta información aos posibles afectados, con independencia das medidas complementarias que estime oportuno adoptar para a súa protección.*

*O titular asume os riscos derivados da condición da zona de fluxo preferente e asolagable de  $T= 10/100/500$  anos polo que calquera incidencia que se derive en episodios de enchentes nos traballos que se autorizan será responsabilidade do titular.*

*3. Evitarase o toldamento das augas pola demolición de materiais ou operacións complementarias que teñan lugar nas proximidades do leito do río.*

*4. Prohibirase a corta ou destrución da vexetación arbustiva ou arbórea de ribeira, agás que conte con autorización específica para estes traballos.*

*5. Deixarase en todo momento expedita a zona de servidume para uso público, consistente nunha banda de 5 m de ancho, medidos a partir do bordo ocupado polas augas nas máximas enchentes ordinarias.*

*6. Durante a fase de construción extremaranse as precaucións coa retirada de todo tipo de cascallos e material de refugallo das marxes, co obxecto de reducir posibles alteracións na calidade da auga circulante ou na capacidade hidráulica da canle.*

*7. De xeito especial, prohíbese expresamente verter no propio leito do río restos de formigón ou cemento, ou lavar materiais ou ferramenta que estiveran en contacto con eles, así como cambio de aceite de maquinaria de construción. Non se depositarán na zona de servidume nin en lugares próximos ningún tipo de material que poida incorporarse ao río por escorrentas ou cheas.*

*Os residuos xerados durante a construción terán que ser trasladados a vertedoiro de residuos de construción autorizado.*

*8. Unha vez rematadas as obras ou durante a súa execución, en todas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria pola zona de policía) procederase á súa rehabilitación descontaminando a terra e, se fora preciso, aportando terra vexetal, sementando, plantando, etc. ata conseguir a súa situación primitiva.*

*9. O prazo para a realización das obras é de 12 meses (doce meses), contado a partir do día seguinte da recepción desta resolución. Finalizado este prazo extinguirase a validez da autorización, salvo que se solicite e obteña unha prórroga antes do esgotamento do prazo.*

*10. Rematadas as obras, comunicaráselle a Augas de Galicia, que procederá ao seu recoñecemento final nos casos en que considere oportuno.”*

**VI.-** O Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 30.04.2018, en vista do informe-proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento asinado en data 29.04.2018, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

**VII.-** O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e

Asistencia Técnica Municipal e a Enxeñeira Técnica Industrial emiten en data 30.04.2020 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

*“Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.*

*A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”*

### **CONSIDERACIÓNS DE DEREITO**

**I.-** A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

**II.-** Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

**III.-** O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

**IV.-** A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

**V.-** Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

**VI.-** Xustificación da tramitación durante o Estado de Alarma. O Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, como consecuencia da situación de crise sanitaria



## Concello de Vigo

e posterior declaración do estado de alarma, establece na súa Disposición Adicional Terceira, a suspensión dos términos e a interrupción dos prazos para a tramitación dos procedementos administrativos das entidades do sector público; non obstante o cal o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo, así como acordar motivadamente a continuación de aqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos.

A Xunta de Goberno Local en sesión de 09.04.2020 acordou, entre outros, excepciónar da regra xeral de suspensión dos prazos administrativos a tramitación interna dos expedientes de contratación. Este expediente forma parte da necesaria tramitación do expediente de contratación de obras xa que é un acto preparatorio e preceptivo do mesmo.

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

### ACORDO

Aprobar o proxecto de **“REFORMA DA INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN PÚBLICA NO PARQUE DE CASTRELOS DE VIGO”** redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial, Ramón Docampo Alonso, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS VINTE E DOUS MIL SEISCENTOS OITENTA EUROS CON SETENTA E TRES CÉNTIMOS (622.680,73 EUROS) e asinado dixitalmente en abril de 2020.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(337).- APROBAR O PROXECTO DE “RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NA RÚA SERAFÍN AVENDAÑO, ENTRE AREAL E A RÚA ROSALÍA DE CASTRO”. EXPTE. 2348/443.**

Visto o informe de fiscalización do 08/05/2020, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo xefe do servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

### ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 05.12.2017, resolveu autorizar o gasto para para redacción da actualización do proxecto de renovación das redes de saneamento e abastecemento na rúa Serafín Avendaño, entre Areal e Rosalía a prol da empresa Galaicontrol S.L. (B36651487).

II.- A empresa Galaicontrol S.L. presenta proxecto de "RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NA RÚA SERAFÍN AVENDAÑO, ENTRE AREAL E A RÚA ROSALÍA", redactado polo Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. M<sup>a</sup> Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS OITENTA E SEIS MIL DOUSCENTOS SESENTA E SEIS EUROS CON CORENTA E DOUS CÉNTIMOS (286.266,42 €).

III.- A actuación se desenrola na rúa Serafín Avendaño e consisten as obra a executar as que se enumeran a seguir;

- Previamente procederáse a retirada do mobiliario existente na rúa, para a continuación a demolición de beirarrúas e retira dos bordos existentes, e demolición dos pavimentos existentes.
- Una vez efectuada as demolicións procederáse a efectuar a escavación de gabias para a renovación das redes de abastecemento en ambos marxes, a base da tubaxe de fundición dúctil Ø 100 m, asentado sobre cama de area, cos seus correspondentes elementos especiais de conexión, rede de rego, coa súa correspondente tubaxe arquetas e elementos electrónicos de regulación. Tamén se contempla a renovación dos colectores de saneamento cos Ø de tubaxe de PVC, definidos no proxecto, cos seus correspondentes sumidoiros, pozos e arquetas de conexión, así como as conexións coas redes existentes. A continuación procederáse a o recheo das correspondentes gabias a base de material de préstamo seleccionado, estendido e compactado en capas de 20 cm., de espesor con grado de compactación do 95%, para efectuar as canalizacións de redes soterrados de alumado público e semaforización, segundo os esquemas do proxecto, así como a comprobación de estado do resto de redes existentes na rúa. Durante a fase das escavacións no proxecto prevese o correspondente control arqueolóxico.
- Posteriormente unha vez confeccionada a explanada no seu conxunto, procederáse a efectuar a pavimentación, diferenciado no tipo de pavimentación entre beirarrúas, estas a base de formigón en masa HM-20 de 10 cmt., de espesor e acabado con baldosa de granito gris de 6 cmt., de espesor. Acesos a garaxe a base de formigón en masa HM-20 de 15 cm de espesor, e adoquín de granito 14+14 e 10 cm de espesor, asentado sobre capa de morteiro. Zona de aparcamentos constituído por base de zahorra de 20 cm pavimento de formigón pulido de 20 cm de espesor. Diferenciando entre calzada e beirarrúa colocar o bordo formado por pezas de granito flameado sobre soleira de formigón, efectuando pezas especiais nos encontros coas ramplas de acceso a os garaxes. Na zona de rodaxe previo reposición de zona firmes nas gabias a ase de Formigón en masa HM-20 de 20 cm de espesor efectuarase o correspondente fresado capa de rego de adherencia e posterior mezcla bituminosa en quente ac16 surf 50/70 en capa de rodadura cun espesor de 5 cm.
- Unha vez finalizado a pavimentación procederáse a finalización do vial precedendo a renovación de luminarias, xardinería, mobiliario e a correspondente sinalización e semaforización.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de SEIS (6) meses.



## Concello de Vigo

IV.- En data 17.02.2020 recíbese resolución da Consellería de Cultura (doc. Nº 200026640) autorizando á execución das obras proxectadas, por atoparse dita actuación dentro do ámbito de protección arqueolóxica do Xacemento Romano de Pontevedra Areal, co seguinte condicionado:

“Autorizar o proxecto de renovación de redes de abastecemento e saneamento na rúa Serafín Avendaño, entre a rúa Rosalía de Castro e a rúa Areal, concello de Vigo condicionada a realización dunha actuación arqueolóxica que contemple por un lado o control arqueolóxico de todos os movementos de terra e tamén, con respecto ao sector oeste da rúa (que non foi obxecto das intervencións arqueolóxicas), deberá valorarse de ser o caso, unha vez retirados os servizos actuais e comprobar o estado de conservación do subsolo, a realización dunha escavación arqueolóxica manual.

Tamén en calquera outro sector onde poidan ser localizados restos arqueolóxicos in situ. En calquera caso o promotor deberá presentar un proxecto arqueolóxico, asinado por técnico competente, ante a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para a súa autorización, de acordo co disposto no Decreto 199/97, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na comunidade autónoma de Galicia.

En función dos resultados da dita actuación poderían requirirse actuacións arqueolóxicas complementarias. No caso de que se localizasen restos arqueolóxicos inmoebles, merecentes de ser conservados in situ, podería ser necesario facer modificacións no proxecto no que atinxe, sobre todo, a súa incidencia sobre o subsolo”.

VI.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 07.05.2020, en vista do informe-proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento asinado en data 06.05.2020, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

VII.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal e a Enxeñeira Técnica Industrial emiten en data 07.05.2020 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

### CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### ACORDO

Aprobar o proxecto de “RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NA RÚA SERAFÍN AVENDAÑO, ENTRE AREAL E A RÚA ROSALÍA” redactado polo Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. M<sup>a</sup> Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS OITENTA E SEIS MIL DOUSCENTOS SESENTA E SEIS EUROS CON CORENTA E DOUS CÉNTIMOS (286.266,42 EUROS) e con sinatura dixital de data 05.05.2020.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(338).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DOS ASCENSORES E PLATAFORMAS SALVA**





## Concello de Vigo

### **ESCALEIRAS DE PERSOAS DOS LOCAIS E EDIFICIOS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE XUVENTUDE. EXPTE. 9036/336.**

Visto o informe xurídico do 09/03/2020 e informe e fiscalización do 12/03/2020, dáse conta do informe-proposta do 11/03/2020, asinado pola xefa do Servizo de Xuventude e o concelleiro-delegada de Área, que di o seguinte:

Con data 09 de xaneiro de 2020 dende a Concellería de Xuventude xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de mantemento integral dos aparatos elevadores instalados en edificios dependentes desta Concellería. O día 10/01/2020 o Concelleiro Delegado asina a orde de inicio do citado expediente.

O día 21 de febreiro de 2020, incorpórase ao expediente o Prego de Prescricións Técnicas, que asina o día 18 de febreiro de 2020 a Enxeñeira Técnica Industrial Susana González Ramírez.

O día 28 de febreiro de 2020 incorpórase a memoria xustificativa, a cal asina o Concelleiro Delegado o día 02 de marzo de 2020.

O día 02 de marzo de 2020 o Servizo de Contratación incorpora ao expediente o informe así como o Prego de Cláusulas Administrativas.

O procedemento a empregar na contratación do servizo será aberto simplificado de tramitación abreviada.

As características máis destacables do contrato serán as seguintes:

**OBXECTO DO CONTRATO:** os servizos de mantemento e reparación dos ascensores e plataformas salva escaleiras de persoas dos locais e edificios municipais dependentes da Concellería de Xuventude Concello de Vigo.

**ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (IVE incluído):** 18.295,20 euros

**IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN (21%):** 3.175,20 euros

**VALOR ESTIMADO DO CONTRATO:** 25.200,00 euros

**ANUALIDADES CON IVE:**

- Ano 2020: 4.065,60 euros
- Ano 2021: 6.098,40 euros
- Ano 2022: 6.098,40 euros
- Ano 2023: 2.032,80 euros

**APLICACIÓN ORZAMENTARIA:** 3370.2130000

**PRAZO TOTAL:** 3 anos

O expediente será preceptivo que sexa informado favorablemente polo Servizo de Asesoría Xurídica do Concello.

**Por todo elo , proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

**1º.-** “Autorizar o gasto de 18.295,20 €, correspondente ao importe para todo o período de duración, no que se inclúen todos os conceptos relacionados no artigo 101 da LCSP. O orzamento para o ano 2020 será de 4.065,60 € euros, que se imputará á partida presupostaria 3370.2130000 e a súa bolsa de vinculación.

**2º.-** Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación servizos de mantemento e reparación dos ascensores e plataformas salva escaleiras de persoas dos locais e edificios municipais dependentes da Concellería de Xuventude, así como o prego de prescricións técnicas para a prestación do servizo e a Memoria xustificativa do contrato de data 21 e 28 de febreiro de 2020.

**3º.-** Acordar a apertura do procedemento de licitación para a selección de contratista/s na forma prevista na lexislación vixente, mediante a tramitación ordinaria” .

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **11(339).- PRÓRROGA DOS CONTRATOS DE SERVIZOS DE XESTIÓN DOS CAMPAMENTOS DE VERÁN. EXPTE. 9064/336.**

Visto o informe xurídico do 11/03/2020 e o informe de fiscalización do 16/03/2020, dáse conta do informe-proposta do 1/04/2020, asinado pola xefa do Servizo de Xuventude e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES.-

A Xunta de Goberno Local, na **sesión extraordinaria e urxente do 4 de xuño de 2019 acordou:**

*“Adxudicar a TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L. os lotes 1, 2 e 3 do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán náutico e mariñeiro 2019 (8.814-336) coas seguintes condicións:*

*- Lote 1 VERÁN NÁUTICO I*

- a) O prezo total do lote 1 é de 23.126,45 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.102,04 euros.*
- b) Non propón a realización de saídas e excursións con desprazamento en autobús discrecional ou barco.*
- c) 1 persoa con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores do persoal segundo o previsto no PPT.*

*- Lote 2 VERÁN NÁUTICO II*



## Concello de Vigo

- a) O prezo total do lote 2 é de 33.942,70 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.085,7 euros.
- b) Non propón a realización de saídas e excursións con desprazamento en autobús discrecional ou barco.
- c) 1 persoa con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores do persoal segundo o previsto no PPT.

### - Lote 3 VERÁN MARIÑEIRO

- a) O prezo total do lote 2 é de 23.126,45 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.102,04 euros.
- b) Non propón a realización de saídas e excursións con desprazamento en autobús discrecional ou barco.
- c) 1 persoa con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores do persoal segundo o previsto no PPT.

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.*

*1.- Segundo as FOLLAS DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO (FEC) 4. PRAZO C PRÓRROGA DO CONTRATO E, EN CASO AFIRMATIVO, DURACIÓN: si, catro prórrogas dun ano de duración cada unha.*

*2.- Ante a necesidade de prorrogar os contratos para a prestación de servizos de campamentos náuticos de verán para o ano 2020 ( expediente 8814-336) unha vez rematado o primeiro ano de contrato toda vez que os traballos desenvolvéronse satisfactoriamente polas adxudicatarias, e por tratarse de servizos que favorecen a conciliación da vida familiar, persoal e laboral das familias viguesas con fillos/as de idades comprendidas entre os 4 e 17 anos, procede a prórroga dos mesmos nas mesmas condicións en que foron adxudicados. de:*

- *Lote 1 VERÁN NÁUTICO I: O prezo total do lote 1 é de 23.126,45 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.102,04 euros.*
- *Lote 2 VERÁN NÁUTICO II: O prezo total do lote 2 é de 33.942,70 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.085,7 euros.*
- *Lote 3 VERÁN MARIÑEIRO: O prezo total do lote 2 é de 23.126,45 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.102,04 euros.*

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, **proponse á Xunta de Goberno local** como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, **a adopción do seguinte acordo:**

**PRIMEIRO.-** “Acordar a continuación da tramitación do presente procedemento administrativo de prórroga dos contratos para a prestación de servizos de campamentos náuticos de verán para o ano 2020 ( expediente 8814-336), por tratarse dun contrato esencial para a conciliación da vida familiar, persoal e laboral das familias viguesas, ao abeiro do establecido na Disposición adicional terceira do RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Decreto 465/2020.

**SEGUNDO** Prorrogar coas mesmas características e duración, para o ano 2020 os contratos de:

- Lote 1 VERÁN NÁUTICO I: O prezo total do lote 1 é de 23.126,45 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.102,04 euros.
- Lote 2 VERÁN NÁUTICO II: O prezo total do lote 2 é de 33.942,70 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.085,7 euros.
- Lote 3 VERÁN MARIÑEIRO: O prezo total do lote 2 é de 23.126,45 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.102,04 euros.

**TERCEIRO.** Aprobar o gasto correspondente ao Lote 1 VERÁN NÁUTICO I adxudicado a TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L. por un importe de 23.126,45 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.102,04 euros.

**CUARTO.-** Aprobar o gasto correspondente ao Lote 1 VERÁN NÁUTICO II adxudicado a TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L. por un importe de 33.942,70 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.085,7 euros.

**QUINTO.-** Aprobar o gasto correspondente ao Lote 1 VERÁN NÁUTICO III adxudicado a TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L. por un importe de 23.126,45 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.102,04 euros.

**SEXTO.-** Notificar o presente acordo ás adxudicatarias e publicar o mesmo no perfil do contratante do Concello de Vigo”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.



## Concello de Vigo

- Expediente de contratación de patrocinio publicitario para o proxecto “Faro da Escola 2020” organizado polo Faro de Vigo. Expte. 18020/101.
- Expediente de contratación do servizo de conservación e reposición das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano e fontes ornamentais das zonas verdes da cidade de Vigo. Expte. 12887/446.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30.01.2020, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

### **12(340).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE PATROCINIO PUBLICITARIO PARA O PROXECTO “FARO DA ESCOLA 2020” ORGANIZADO POLO FARO DE VIGO. EXPTE. 18020/101.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 11/05/2020 e informe de fiscalización do 12/05/202, dáse conta do informe-proposta de data 11/05/2020, asinado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES**

En base as consideracións que se conteñen no informe de necesidade e idoneidade, de data 7 de maio de 2020, que consta no expediente, a Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal en data 7 de maio dispón que se inicie expediente administrativo para a execución dun contrato de patrocinio publicitario para o “Faro da Escola 2020” organizado por Faro de Vigo S.A.U.

O contrato responde ao exercicio das competencias municipais na medida en que os artigos 25.1 e 25.2.m. da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e artigos 80.1 e 80.2.ñ da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades para promocionar e difundir os valores sociais e culturais implícitos na acción da educación.

No expediente tramitado inclúense os seguintes documentos:

–Informe de necesidade e idoneidade, asinado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía e coa conformidade da Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal con data 7 de maio de 2020.

–Memoria xustificativa do contrato de data 8 de maio 2020 asinada pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía, e coa conformidade da Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal.

–Prego de Prescricións técnicas particulares asinado con data 8 de maio de 2020 redactado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía.

–Prego de Cláusulas administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación con data de 8 de maio de 2020.

## **II.- CONDICIÓN S DEFINIDORAS DO CONTRATO**

### **II.1.- Obxecto e natureza do contrato**

O obxecto deste contrato é o patrocinio publicitario do proxecto “FARO DA ESCOLA 2020”, organizado polo FARO DE VIGO S.A.U. O patrocinio se desenvolverá nos medios de comunicación nos que se divulgue información relativa ao contido do proxecto.

As accións contidas no mesmo terán lugar ao longo do 2020, en dous períodos diferenciados: dende o día seguinte a sinatura do contrato ata o 20 de xuño (denominado polo redactor do proxecto “V edición”) nun escenario virtual adaptado ás circunstancias de suspensión das clases presenciais nos colexios derivadas da crise do COVID-19 e que se recollen no Artigo 9 do RD 463/2020 de 14 de marzo, e unha segunda fase entre o 1 de outubro e o 31 de decembro (denominado polo redactor do proxecto “VI edición”) nun escenario presencial nos centros educativos.

O expediente cualifícase de contrato de patrocinio publicitario de acordo co artigo 22 da vixente Lei Xeral de Publicidade, e se considera como un contrato privado, xa que o mesmo non ten cabida en ningún dos contratos recollidos no artigo 12 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

En cumprimento do art. 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, os aspectos relacionados coa natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir mediante o presente contrato, así como da idoneidade do obxecto e contido, son os definidos no informe de necesidade, así como no do informe proposta que contén a memoria xustificativa do contido do contrato que constan no presente expediente, e consisten en satisfacer a necesidade pública de promover a educación e promocionar e difundir a acción municipal en prol do seu fomento e dos seus valores sociais.

### **II.2.- Réxime xurídico e procedemento de adxudicación.**

Este contrato cualifícase como de patrocinio publicitario, de conformidade co disposto no artigo 22 da Lei 34/1988, de 11 de novembro, xeral de publicidade, e ten a consideración de contrato privado consonte ao disposto nos artigos 24 a 26 da LCSP.

Rexerase, en canto á súa preparación e adxudicación, por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito



## Concello de Vigo

administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado, segundo corresponda por razón do suxeito ou entidade contratante. En canto aos seus efectos e extinción, rexerá polo dereito privado.

O contrato adxudicarase conforme ao procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado, FARO DE VIGO S.A.U., que ten a exclusiva do proxecto.

A forma de tramitación do expediente será a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP.

### II.3.- Prezo e valor do contrato

O prezo do contrato que servirá como base da negociación é dun total de 94.500,00 euros (IVE incluído), sendo o importe do IVE a cantidade de 16.400,83 euros.

O gasto terá unha imputación a aplicación orzamentaria 9120.2279905 (Programas Alcaldía) o a súa bolsa de vinculación do vixente orzamento para o ano 2020.

### II.4 Aspectos do contrato obxecto de negociación

O artigo 170.2 da LCSP determina que no caso de que unicamente participe un candidato, o órgano de contratación, sempre e cando sexa posible, deberá negociar con él os termos do contrato.

Dada a natureza do obxecto do contrato, e dada a imposibilidade de negociar sobre as campañas de comunicación e as diferentes accións do proxecto, non se celebrará proceso de negociación .

Pode considerarse que o prezo fixado no contrato é axustado, tendo en conta os cálculos dos costes e as referencias de tempadas pasadas detalladas na proposta presentada por FARO DE VIGO S.A.U.

O único criterio de adxudicación será a do prezo do contrato.

### II.5 Revisión de prezos

Este contrato queda expresamente excluído da revisión de prezos que se determina no artigo 103 e seguintes da LCSP, polo que o prezo ofertado manterase durante toda a vixencia do contrato.

### II.6.- Esixencia de Clasificación

De acordo co artigo 77 da Lei 9/2017, non se esixe clasificación para este contrato.

### II.7.- Subcontratación

Establécese como tarefa crítica todo o relacionado coa publicidade, que deberá correr a cargo de FARO DE VIGO, S.A.U.

### II.8.- Prazo de execución e prórroga:

1.- O prazo de execución será de sete meses e quince días.

2.- O cómputo do prazo iniciarase o 15 de maio de 2020. Se o contrato se formalizase con posterioridade a esta data reducirase o prazo de execución, xa que o contrato rematará o día 31 de decembro do mesmo ano.

De acordo co obxecto do contrato, non se establece opción de prórroga.

### II.9.- Modificación do contrato

Non se contempla.

### II.10.- Responsable do Contrato

O responsable do Contrato será a Técnica da Oficina administrativa da Alcaldía

### II.11- Seguro

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión dun seguro de responsabilidade civil, que dea cobertura as actuacións propias do adxudicatario na execución das actuacións obxecto deste contrato, cunha contía mínima de 300.000,00 €.

### II.12.- Condicións especiais de execución:

Establécese como condición especial de tipo social a adopción de medidas pola empresa adxudicataria que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas adscritas á execución do contrato.

O cumprimento destas condicións especiais de execución poderán verificarse en calquera momento polo responsable do contrato, solicitando ao contratista a documentación que estime pertinente.

Para estes efectos, en todos os contratos, coa última factura, o contratista presentará unha memoria xustificativa deste cumprimento.

Todas as condicións especiais de execución que formen parte do contrato serán esixidas igualmente a todos os subcontratistas que participen da súa execución.

### II.13.- Solvencia





## Concello de Vigo

- - Solvencia económica e financeira:

Acreditarase mediante unha declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior ao valor estimado do contrato.

- - Solvencia técnica e profesional:

Deberá achegarse unha declaración do empresario sobre os principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato en curso de, como máximo os tres últimos anos.

### II.14.- Cesión de datos e de dereitos de propiedade intelectual ou industrial ao adxudicatario

A execución do presente contrato non implica a cesión de datos nin de dereitos de propiedade intelectual ou industrial ao adxudicatario.

### III.-PROPOSTA

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse o preceptivo informe xurídico pola Asesoría Xurídica (apartado 8 da disposición adicional 3ª da LCSP), así como informe de fiscalización pola Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ao disposto no artigo 168 da Lei 9/2017, para o contrato de patrocinio publicitario do FARO DA ESCOLA 2020, á mercantil Faro de Vigo S.A.U., como organizador exclusivo do proxecto.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía e asinado con data 5 de maio de 2020.

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, con data de 5 de maio de 2020.

**Cuarto.-** Autorizar o gasto por importe máximo de base á negociación de dun total de 94.500,00 euros (IVE incluído), sendo o importe do IVE a cantidade de 16.400,83 euros.

· O gasto imputarase á aplicación orzamentaria 9120.2279905 (Programas Alcaldía) o a súa bolsa de vinculación do vixente orzamento.

· O valor estimado do contrato, de conformidade co disposto no artigo art.101.1 LCSP é de 78.099,17 euros.

**Quinto.-** Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.

**Sexto.-** Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade por razón de ser un contrato privado non requirindo ademais a consulta a ningunha outra empresa por ser un operador único, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 326 da LCSP.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(341).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DAS ZONAS DE XOGOS, ÁREAS BIOSAUDABLES, ESPAZOS RECREATIVOS DE AUGA, MOBILIARIO URBANO E FONTES ORNAMENTAIS DAS ZONAS VERDES DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 12887/446.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 13/05/2020 e informe de fiscalización do 14/05/2020, dáse conta do informe-proposta de data 13/05/2020, asinado pola adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o xefe de Área de Servizos Xerais, o concelleiro-delegado de Parques e Xardíns e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

1.- En data 6 de febreiro de 2020, o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o xefe da Área de Servizos Xerais e o concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais asinan informe xustificativo da necesidade e idoneidade da contratación do servizo de *Conservación e reposición das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano e fontes ornamentais das zonas verdes da cidade de Vigo* (expte. 12887/446).

2.- Mediante resolución de inicio de expediente de contratación, de data 6 de febreiro de 2020, o concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais resolve iniciar o expediente de contratación do servizo de *Conservación e reposición das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano e fontes ornamentais das zonas verdes da cidade de Vigo* polo procedemento aberto suxeito á regulación harmonizada, regulado nos artigos 156 e 131.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do sector público (LCSP 2017).

3.- En data 30 de abril de 2020, asínase a memoria xustificativa pola adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e polo xefe da Área de Servizos Xerais, co conforme



## Concello de Vigo

do concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, de data 30 de abril de 2020.

4.- En data 4 de maio de 2020, o Servizo de Intervención expide os documentos contables RC 202000027440, por importe de 121.925,53€ correspondentes ao período de outubro-decembro 2020, e RCFUT1 202000027443, por importe de 5.103.108,64€, correspondentes aos anos 2021, 2022, 2023, 2024 e parte do 2025 (xaneiro-setembro).

5.- O Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP), de data 13 de maio de 2020, asínase pola adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e polo xefe da Área de Servizos Xerais.

6.- O Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asínase pola xefa do Servizo de Contratación en data 13 de maio de 2020.

7.- En data 13 de maio de 2020, a xefa do Servizo de Contratación emite informe sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

### NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iníciase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Área. O concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais acorda iníciar o expediente de contratación.

**Segundo.-**Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17, tramítase como un contrato de servizos e, tendo en conta o seu importe, deberá tramitarse polo procedemento aberto suxeito á regulación harmonizada, regulado nos artigos 156 e 131.2 da citada LCSP 2017, toda vez que o seu valor estimado supera os 221.000 euros (artigo 22 da LCSP).

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan, tanto o prego de cláusulas administrativas particulares, como o de prescricións técnicas, que rexerán o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

**Cuarto.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato, de conformidade cos artigos 028 e 116.1 da LCSP.

**Quinto.-** Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1) e o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Sexto.-** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP, e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Sétimo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento expedido polo Responsable Orzamentario, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

**Octavo.-** En materia de contratación a disposición adicional oitava do Real Decreto-lei 17/2020, do 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-2019 establece *"Para os efectos previstos no apartado 4 da disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, desde a entrada en vigor deste real decreto-lei acórdase o levantamento da suspensión dos termos e interrupción dos prazos dos procedementos de contratación promovidos por entidades pertencentes ao Sector Público, no sentido definido no artigo 3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, sempre e cando a súa tramitación se realice por medios electrónicos. O disposto no parágrafo anterior permitirá igualmente o inicio de novos procedementos de contratación cuxa tramitación se leve a cabo tamén por medios electrónicos. Esta medida estenderase aos recursos especiais que procedan en ambos casos.>>*

A este expediente resúltalle de aplicación o previsto na citada disposición ao tramitarse por medios electrónicos, polo que procede a súa tramitación.

**Noveno.-** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.



## Concello de Vigo

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

### ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Acordar que procede a tramitación deste expediente ao resultarlle de aplicación a disposición adicional oitava do Real Decreto-lei 17/2020, do 5 de maio polo que se aproban medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-2019, *ao tramitarse por medios electrónicos.*

**SEGUNDO.-** Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto suxeito á regulación harmonizada, regulado nos artigos 156 e 131.2 da LCSP 2017 do contrato de servizo de *CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DAS ZONAS DE XOGOS, ÁREAS BIOSAUDABLES, ESPAZOS RECREATIVOS DE AUGA, MOBILIARIO URBANO E FONTES ORNAMENTAIS DAS ZONAS VERDES DA CIDADE DE VIGO*, que inclúe o prego de prescricións técnicas particulares asinado na data 13 de maio de 2020 e, o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 13 de maio de 2020.

**TERCEIRO.-** Autorizar o gasto de 5.048.997,36 €, que inclúe un IVE de 876.272,27 €, o cal se imputará á partida 1710.2279901 "MANTEMENTO XARDÍNS, P. INFANTÍS, BIOSAUDABLES, CASTRO, FONTES", que se distribuirá en cinco anualidades, tal e como se desglosa a continuación:

ANUALIDADE	IMPORTE ANUAL
2020	121.925,53 €
2021	893.047,58 €
2022	1.106.179,60 €
2023	1.118.305,89 €
2024	1.130.614,07 €
2025	854.961,50 €
<b>TOTAL:</b>	<b>5.225.034,17 €</b>

**CUARTO.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

**14(342).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

ME

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez